# 2

# MOVEMENTOS MIGRATORIOS DENTRO DE GALICIA

O OBXECTIVO DESTE segundo capítulo é analiza-los movementos migratorios no interior da comunidade autónoma, entendendo por eles todo tipo de desprazamentos de poboación realizados entre municipios galegos con intencionalidade de permanencia. O capítulo estructúrase en cinco grandes apartados: a distribución da poboación, a distribución da ocupación, a distribución do sector empresarial, a análise da correlación das distintas variables analizadas nos apartados anteriores, para finalmente, aborda-lo estudio estatístico dos movementos migratorios interiores.

A análise da **distribución da poboación** galega realízase a partir dos datos facilitados nos padróns municipais de habitantes a 1 de xaneiro de 1998-99-00 e a 1 de maio de 1996. A mesma ten en conta catro niveis de áreas xeográficas: un primeiro nivel onde se presentan os datos de Galicia considerada no seu conxunto, para posteriormente ir descendendo a nivel provincial, a nivel comarcal, onde se fai referencia ás sete comarcas onde se atopan as sete cidades máis importantes en termos de poboación[1], e finalmente considérase a división entre Galicia occidental-costa e a Galicia interior[2].

No período 1996-2000 a poboación de Galicia rexistrou un descenso de 10.722 persoas, o que representa unha variación relativa do 0,4%. A importancia relativa da poboación galega no total estatal descende no período considerado do 6,91% do ano 1996 ata o 6,75% do 2000.

A poboación galega concéntrase tanto nas comarcas occidentais e costeiras como nas sete comarcas onde se localizan os sete grandes núcle-

1) As sete comarcas onde se localizan os sete grandes núcleos de Galicia son A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

2) A Galicia occidental-costa esta formado por 24 comarcas: Barbanza, A Barcala, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortegal, Santiago, O Sar, Terra de Soneira, e Xallas, na provincia de A Coruña; A Mariña Central, A Mariña Occidental, e A Mariña Oriental, na provincia de Lugo; e o Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, na provincia de Pontevedra.

os de Galicia. Aproximadamente sete de cada dez galegos residen nas comarcas da Galicia occidental-costa e algo máis da metade nas comarcas dos núcleos máis importantes.

No que atinxe á mobilidade territorial dos galegos residentes en Galicia, o 85,9% segue vivindo na mesma provincia onde naceu aínda que un 21% o fai nun municipio distinto. A mobilidade entre concellos é maior no caso das mulleres que nos homes en tódalas provincias agás na de Pontevedra.

O estudio da **distribución da ocupación** en Galicia realízase a partir, fundamentalmente, da información recollida na Enquisa de Poboación Activa (EPA) e no Instituto Nacional de Empleo (INEM). Este segundo apartado comeza cun cadro xeral onde se presentan as variables máis importantes consideradas e cun estudio da eficiencia das catro provincias galegas en canto a súa capacidade para aumenta-la taxa de ocupación e reduci-la taxa de desemprego, tendo en conta a variación media anual do valor engadido bruto (VEB) no período 1996-99.

Considéranse tamén as características do tecido productivo, onde se fai referencia ó impacto do ritmo da actividade xeral na reducción do desemprego. A continuación estúdiase a distribución da actividade, ocupación e desemprego, segundo a súa distribución por sexo, e segundo a cualificación profesional.

Finalmente, considéranse os datos de demanda e oferta de emprego, así como unha aproximación ó problema das "ofertas pendentes". A oferta de emprego ven determinada polos demandantes de emprego, sendo un indicador da súa evolución as demandas de emprego presentadas nos Servicios Públicos de Emprego (SPE). No concernente á demanda de traballo, constituída pola cantidade de traballo que as empresas deciden contratar, esta está estudiada a partires dos datos de postos ofrecidos para a xestión dos SPE, de tal xeito que da diferencia entre as altas e as baixas dos postos ofrecidos extráese unha aproximación ó número de ofertas pendentes ou vacantes no mercado de traballo galego.

No período 1996-00 a poboación maior de 16 anos e a poboación activa experimentaron, en termos absolutos, unha medra similar, con case 39.000 persoas máis, polo que o aumento dos activos non se debe a unha maior participación da poboación no mercado de traballo. A poboación ocupada rexistra un crecemento de 75,7 miles de persoas, mentres que a poboación parada redúcese en 36,9 miles de persoas.

As taxas de actividade e ocupación en Galicia melloran en 0,9 e 2,6 puntos porcentuais, respectivamente, acadando no ano 2000 un valor de 49,8% e 42,4%. A taxa de desemprego nese ano foi de 14,8%, 3,8 puntos porcentuais menos que a rexistrada no ano 1996. Atendendo á desagregación por sexos, cómpre salienta-la existencia dun importante diferencial entre as taxas de ocupación, de actividade e de desemprego correspondentes ós homes e ás mulleres.

No ano 2000 as altas de demanda de emprego inscritas nos SPE ascenderon a 877.259 persoas (un 44,9% máis que en 1999) e as baixas de emprego foron 882.019 persoas (un 42% máis). Nese período de tempo, o paro rexistrado descendeu dende as 274.156 persoas ata as 135.335 persoas de 2000.

O estudio da **distribución do sector empresarial** toma como indicadores o número de empresas e a súa clasificación por ramas de actividade presentados no directorio central de empresas (Dirce) galego, así como o VEB e os ingresos de explotación das empresas consideradas por Ardán na súa análise comarcal[3].

A Galicia occidental-costa acolle aproximadamente o 70-75% das empresas galegas, que xeran o 85% do valor engadido bruto e dos ingresos de explotación, en tanto que as comarcas onde se sitúan as sete cidades máis importantes en termos de poboación acollen en torno ó 65% das empresas e o 80% do VEB.

3) A mostra de estudio está constituída por 9.238 empresas galegas cunha facturación, en 1999, superior a 51 millóns de pesetas, sendo o período de análise 1997-1999.

O número de empresas por cada mil habitantes ascendeu en Galicia a 60,2 empresas (59,0 empr./1.000 hab. no ano anterior), sendo de 62,0 empresas por cada mil habitantes no caso da Galicia occidental-costa e de 58,1 empresas no caso da Galicia interior. As sete comarcas máis importantes en termos de poboación acollen un total de 67,7 empresas por cada mil habitantes, sendo esta ratio superior a 70 no caso das comarcas de A Coruña, Lugo e Ourense.

Respecto ós **coeficientes de correlación**, analízanse, por unha banda, as relacións das taxas de actividade, emprego e paro coa composición demográfica, de xénero, sectorial da actividade e nivel educativo. Por outra, considérase a relación do número de empresas e VEB dos sectores non agrarios coa poboación total, poboación activa e ocupada e a relación entre o sector empresarial e o VEB galego.

Entre os aspectos salientables están, por unha banda, a existencia dunha correlación negativa entre o peso relativo dos sectores industrial, construcción e servicios e as taxas de desemprego, de xeito que canto maior sexa o peso relativo dos devanditos sectores económicos, menores serán as taxas de desemprego. Por outra, hai unha relación inversa ou negativa entre o peso do sector industrial e as taxas de ocupación e unha certa correlación positiva entre a importancia do sector servicios e a taxa de ocupación.

Salienta tamén que canto maior sexa a taxa de actividade feminina mellores serán os comportamentos das taxas de ocupación e de desemprego. Respecto ó nivel de estudios, existe unha relación directa ou positiva entre os activos sen estudios e con estudios primarios e a taxas de desemprego, e indirecta no caso dos activos cun nivel de estudios de secundaria ou superiores.

Por último, tomando como información os datos facilitados pola Encuesta de Variaciones Residenciales (EVR) do INE, realízase a análise estatística dos **movementos migratorios interiores**. No ano 1999, das 44.587 migracións rexistradas que tiveron como orixe e destino municipios da comunidade autónoma galega, 36.439 migracións realizáronse entre concellos dunha mesma provincia, sendo a provincia de A Coruña a que rexistra, en termos absolutos, un maior número de desprazamentos, con 17.736, seguida de Pontevedra, con 9.971 movementos, e de Ourense e Lugo, con 5.874 e 2.858 traslados, respectivamente.

Dos datos presentados pódese afirmar que estes movementos migratorios caracterízanse por ser de moi curto radio de desprazamento (en torno ó 75-80% dos desprazamentos realizados polos galegos en todo o Estado realízanse dentro de Galicia, e un 60-65% dos movementos teñen lugar dentro dunha mesma provincia), por ter un lixeiro predominio feminino (un 51% dos movementos interiores galegos corresponden a mulleres) e por realizarse por persoas de entre 25 e 34 anos (un 30% das migracións está realizado por persoas comprendidas entre estas idades).

En termos relativos, no período 1992–99 o número de migracións dentro de Galicia por cada mil habitantes aumenta de maneira ininterrompida, pasando dos 9,29 desprazamentos por cada mil habitantes en 1992 ás 16,32 migracións do ano 1999. Se se consideran as migracións acontecidas dentro dunha mesma provincia, esta taxa segue a mesma tendencia, pasando das 7,53 migracións por cada mil habitantes ós 13,34 movementos de 1999. A provincia de Ourense é a que presenta no ano 1999 unha maior ratio, cun 17,01, fronte ós 16,00 no caso da provincia de A Coruña (no resto dos anos considerados, esta provincia é a que presenta o maior valor).

## Distribución da poboación

O primeiro aspecto a analizar á hora do estudio da mobilidade xeográfica en Galicia é a distribución da poboación ó longo da xeografía galega, así como a súa desagregación segundo o seu lugar de nacemento. Para a realización deste primeiro apartado teranse en conta os datos recollidos nos padróns municipais de habitantes dende 1996 ata 1999.

Os datos do padrón de habitantes a 1 de xaneiro do ano 2000 amosan que en Galicia o número de habitantes ascendeu a 2.731.900 perso-

**CADRO 2.1.**

***Distribución da poboación galega 1996-00***

| | 1/5/96 | 1/1/98 | 1/1/99 | 1/1/00 | 1999/96 | % |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **(I) Galicia** | 2.742.622 | 2.724.544 | 2.730.337 | 2.731.900 | -10.722 | -0,4 |
| **A Coruña** | 1.110.302 | 1.106.325 | 1.108.980 | 1.108.419 | -1.883 | -0,2 |
| **Lugo** | 370.303 | 367.751 | 366.934 | 365.619 | -4.684 | -1,3 |
| **Ourense** | 346.913 | 344.170 | 345.620 | 345.241 | -1.672 | -0,5 |
| **Pontevedra** | 915.104 | 906.298 | 908.803 | 912.621 | -2.483 | -0,3 |
| **(II) Sete comarcas onde se ubican os núcleos máis importantes** | 1.419.717 | 1.419.973 | 1.428.598 | 1.435.314 | 15.597 | 1,1 |
| **A Coruña** | 347.605 | 350.446 | 354.520 | 356.636 | 9.031 | 2,6 |
| **Santiago** | 141.897 | 142.475 | 143.821 | 145.404 | 3.507 | 2,5 |
| **Ferrol** | 167.396 | 166.592 | 165.744 | 164.108 | -3.288 | -2,0 |
| **Lugo** | 109.897 | 111.055 | 111.698 | 112.386 | 2.489 | 2,3 |
| **Ourense** | 139.189 | 140.219 | 141.978 | 142.130 | 2.941 | 2,1 |
| **Pontevedra** | 114.714 | 113.944 | 114.145 | 115.208 | 494 | 0,4 |
| **Vigo** | 399.019 | 395.242 | 396.692 | 399.442 | 423 | 0,1 |
| **(III) Galicia occidental costa** | 1.890.233 | 1.881.927 | 1.887.291 | 1.891.539 | 1.306 | 0,1 |
| **(IV)Galicia interior** | 852.389 | 842.617 | 843.046 | 840.361 | -12.028 | -1,4 |
| **(II) / (I)** | 51,8 | 52,1 | 52,3 | 52,5 | 0,77 | |
| **(III) / (I)** | 68,9 | 69,1 | 69,1 | 69,2 | 0,32 | |
| **(IV) / (I)** | 31,1 | 30,9 | 30,9 | 30,8 | -0,32 | |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, *Padróns municipais de habitantes*

**CADRO 2.2.**

***Poboación galega 1996-99: distribución segundo grupos de idade***

| | < 15 | 15 - 24 | 25 - 34 | 35 - 44 | 45 - 54 | 55 - 64 | 65 - > | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Revisión Padrón 1/01/99** | | | | | | | | |
| **Galicia** | 342.305 | 414.759 | 404.680 | 376.077 | 344.950 | 303.786 | 543.784 | 2.730.341 |
| **A Coruña** | 137.501 | 171.274 | 168.484 | 156.540 | 144.949 | 124.232 | 206.001 | 1.108.981 |
| **Lugo** | 40.635 | 46.539 | 47.815 | 49.030 | 42.540 | 44.020 | 96.358 | 366.937 |
| **Ourense** | 37.609 | 44.696 | 44.593 | 43.006 | 41.301 | 42.800 | 91.614 | 345.619 |
| **Pontevedra** | 126.560 | 152.250 | 143.788 | 127.501 | 116.160 | 92.734 | 149.811 | 908.804 |
| **Renovación Padrón a 1/05/96** | | | | | | | | |
| **Galicia** | 387.770 | 437.772 | 398.665 | 366.631 | 334.812 | 315.161 | 501.812 | 2.742.623 |
| **A Coruña** | 155.231 | 181.618 | 165.730 | 152.969 | 140.665 | 126.917 | 187.172 | 1.110.302 |
| **Lugo** | 45.921 | 47.843 | 48.832 | 47.096 | 41.743 | 47.582 | 91.284 | 370.301 |
| **Ourense** | 42.397 | 46.289 | 44.118 | 41.533 | 41.162 | 45.467 | 85.946 | 346.912 |
| **Pontevedra** | 144.221 | 162.021 | 139.984 | 125.033 | 111.241 | 95.194 | 137.409 | 915.103 |

Fonte: Elaboración propia a partir de datos INE, *Padrón municipal de habitantes*

as (o 6,75% da poboación estatal), cunha densidade de poboacional de 92,38 habitantes por quilómetro cadrado. Comparado cos datos da poboación do ano 1996, a poboación descendeu en Galicia en 10.722 persoas, o que representa unha variación relativa do 0,4%.

Tal e como amosa o **cadro 2.2.**, no período 1996-99 prodúcese un aumento da poboación pertencente ós grupos de idade comprendidos entre 25 e 54 anos, así como no grupo de maiores de 65 anos. Esta evolución rexístrase en tódalas provincias galegas agás en Lugo, que experimenta un descenso da poboación entre 25 e 34 anos.

Neste período de tempo a poboación maior de 65 anos rexistrou unha medra de 41.972 persoas mentres que a poboación menor de 15 anos e a comprendida entre 15 e 24 anos descende en 45.465 e 23.013 persoas, respectivamente.

Atendendo á súa distribución segundo o seu lugar de nacemento, do **cadro 2.3.** tíranse como aspectos máis salientables:

– En 1999 o 96,6% da poboación residente en Galicia era española, e un 92,2% nacera na mesma comunidade autónoma. Asemade, o 85,9% dos residentes en Galicia naceu na mesma provincia onde reside e un 65,0% dos habitantes empadroados o fixera no mesmo municipio de residencia.

– Atendendo á desagregación por sexos, o radio de desprazamento das mulleres é superior ó dos homes. A porcentaxe de mulleres residentes en municipios galegos pero nacidas no estranxeiro, en concellos doutra provincia galega ou en outros concellos da súa provincia de residencia é superior ó rexistrado para o caso dos homes.

– Comparado cos datos do padrón de 1996, rexístrase un lixeiro aumento da porcentaxe de persoas residentes en Galicia e que naceron noutra comunidade autónoma e no estranxeiro, manténdose esta porcentaxe no caso de persoas residentes en concellos galegos e nacidas en municipios das outras provincias galegas

Atendendo á desagregación provincial, as provincias de A Coruña e Pontevedra son as máis poboadas, con 1.108.419 e 912.621 habitantes, respectivamente, segundo o padrón de habitantes a 1 de xaneiro do 2000. Xuntas concentran o 74,0% da poboación galega, cifra dúas décimas superior á do ano 1996 (73,8%). Segundo os datos do último padrón, as catro provincias galegas experimentaron un descenso da súa poboación en relación a 1996, sendo Lugo a provincia coa maior caída, con 6.065 habitantes menos.

Atendendo á distribución da poboación residente nas provincias galegas segundo o seu lugar de nacemento, do **cadro 2.3.** pódense sacar como aspectos salientables:

– Do total das persoas residentes en municipios galegos, a provincia de A Coruña rexistra a maior porcentaxe de persoas que residen nun municipio da mesma provincia aínda que distinto ó do seu nacemento, co 25,5%.

– En Lugo rexístrase a maior porcentaxe de habitantes que residindo en municipios dunha provincia galega naceran en municipios doutras comunidades autónomas.

– A maior porcentaxe de persoas que residen en municipios pertencentes á mesma provincia que o municipio de nacemento rexístrase na provincia de Lugo.

– Ourense conta coa maior porcentaxe de residentes nunha provincia galega que naceran no estranxeiro, co 6% do total de persoas residentes en Ourense.

– Ó contrario do acontecido no caso coruñés, en Pontevedra rexístrase a maior porcentaxe de habitantes que residen no mesmo municipio de nacemento, co 69,4% do total de habitantes residentes na provincia de Pontevedra. Neste senso, tamén salienta a porcentaxe rexistrada en Lugo, co 68,8%.

– Asemade, o 7,5% dos residentes en municipios da provincia de Pontevedra naceran en concellos pertencentes a calquera das outras tres provincias galegas.

–- Finalmente, atendendo á desagregación por sexos, na provincia de Pontevedra, a diferencia do acontecido nas outras tres provincias galegas e no conxunto de Galicia, rexístrase unha porcentaxe de poboación feminina superior á masculina no caso das persoas residentes no mesmo municipio de nacemento. Dun xeito semellante, Pontevedra tamén presenta unha situación diverxente coas outras provincias galegas no caso das persoas que residen na mesma provincia onde naceran aínda que nun municipio diferente. Neste último caso a porcentaxe dos homes supera á das mulleres .

Descendendo á desagregación comarcal, os datos dos **anexos 4.** a **7.** amosan que 11 das 53 comarcas galegas experimentaron un aumento de poboación entre o 1 de maio de 1996 e 2000. Se se consideran as sete comarcas onde se atopan os sete núcleos máis importantes en termos de poboación –A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo–, a poboación medrou en 15.597 habitantes para acada-los 1.435.314 habitantes a 1 de xaneiro do 2000. Comparado coa poboación total de Galicia, algo máis da metade da poboación galega reside nestas sete comarcas, aumentando o seu peso relativo desde o 51,7% de 1996 ata os 52,5% a un de xaneiro de 2000.

Atendendo á súa desagregación segundo o seu lugar de nacemento, o **cadro 2.4.** reflicte que un 90,5% dos residentes nestas sete comarcas consideradas no seu conxunto naceran na comunidade autónoma, das que un 55,9% naceran no mesmo municipio onde reside e un 34,5% o fixera en municipios diferentes ó do seu necemento. Un 5,8% dos residentes, naceu en municipios pertencentes a outras comunidades autónomas e un 3,7% o fixeron no estranxeiro.

**CADRO 2.3.**

***Poboación galega 1996-99: distribución segundo provincia, sexo e lugar de nacemento***

| | Nacidos en España | | | | | | | Nacidos no estranxeiro |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Na mesma Comunidade Autónoma | | | | | En distinta Com. Autónoma | |
| | | Total | Mesma Provincia | | | Distinta Provincia | | |
| | | | Total | Mesmo Municipio | Distinto Municipio | | | |
| | % | | | | | | | |
| **Total Galicia** | | | | | | | | |
| **1999 Ambos sexos** | 96,6 | 92,2 | 85,9 | 65,0 | 21,0 | 6,2 | 4,4 | 3,4 |
| **Varóns** | 96,6 | 92,1 | 86,1 | 65,6 | 20,5 | 6,1 | 4,5 | 3,4 |
| **Mulleres** | 96,5 | 92,2 | 85,8 | 64,4 | 21,4 | 6,4 | 4,3 | 3,5 |
| **1998 Ambos sexos** | 96,6 | 92,2 | 85,9 | 65,2 | 20,8 | 6,2 | 4,4 | 3,4 |
| **Varóns** | 96,6 | 92,1 | 86,1 | 65,8 | 20,3 | 6,1 | 4,4 | 3,4 |
| **Mulleres** | 96,5 | 92,2 | 85,8 | 64,6 | 21,2 | 6,4 | 4,3 | 3,5 |
| **1996 Ambos Sexos** | 96,8 | 92,5 | 86,3 | 65,6 | 20,7 | 6,2 | 4,3 | 3,2 |
| **Varóns** | 96,9 | 92,5 | 86,5 | 66,2 | 20,2 | 6,1 | 4,3 | 3,1 |
| **Mulleres** | 96,8 | 92,6 | 86,2 | 65,0 | 21,2 | 6,4 | 4,3 | 3,2 |
| **Provincia de A Coruña** | | | | | | | | |
| **1999 Ambos sexos** | 97,0 | 92,7 | 86,3 | 60,8 | 25,5 | 6,4 | 4,4 | 3,0 |
| **Varóns** | 97,0 | 92,6 | 86,4 | 61,6 | 24,8 | 6,2 | 4,5 | 3,0 |
| **Mulleres** | 97,0 | 92,7 | 86,2 | 60,1 | 26,1 | 6,6 | 4,3 | 3,0 |
| **1998 Ambos sexos** | 96,9 | 92,6 | 86,2 | 61,0 | 25,2 | 6,4 | 4,4 | 3,1 |
| **Varóns** | 96,9 | 92,5 | 86,3 | 61,8 | 24,6 | 6,2 | 4,4 | 3,1 |
| **Mulleres** | 96,9 | 92,7 | 86,1 | 60,2 | 25,9 | 6,6 | 4,3 | 3,1 |
| **1996 Ambos Sexos** | 97,4 | 93,1 | 86,8 | 61,4 | 25,4 | 6,3 | 4,3 | 2,6 |
| **Varóns** | 97,4 | 93,1 | 86,9 | 62,3 | 24,7 | 6,1 | 4,3 | 2,6 |
| **Mulleres** | 97,4 | 93,2 | 86,7 | 60,6 | 26,1 | 6,5 | 4,2 | 2,6 |
| **Provincia de Lugo** | | | | | | | | |
| **1999 Ambos sexos** | 97,6 | 92,6 | 88,6 | 68,8 | 19,8 | 4,0 | 5,0 | 2,4 |
| **Varóns** | 97,7 | 92,8 | 88,9 | 70,9 | 18,0 | 3,9 | 4,9 | 2,3 |
| **Mulleres** | 97,6 | 92,5 | 88,4 | 66,8 | 21,6 | 4,1 | 5,1 | 2,4 |
| **1998 Ambos sexos** | 97,7 | 92,6 | 88,7 | 69,0 | 19,7 | 4,0 | 5,0 | 2,3 |
| **Varóns** | 97,7 | 92,8 | 89,0 | 71,1 | 17,9 | 3,8 | 4,9 | 2,3 |
| **Mulleres** | 97,6 | 92,5 | 88,4 | 67,0 | 21,4 | 4,1 | 5,1 | 2,4 |
| **1996 Ambos Sexos** | 97,9 | 93,2 | 89,4 | 70,2 | 19,2 | 3,8 | 4,8 | 2,1 |
| **Varóns** | 98,0 | 93,3 | 89,7 | 72,3 | 17,3 | 3,7 | 4,6 | 2,0 |
| **Mulleres** | 97,9 | 93,0 | 89,1 | 68,1 | 21,0 | 4,0 | 4,9 | 2,1 |
| **Provincia de Ourense** | | | | | | | | |
| **1999 Ambos sexos** | 94,0 | 89,5 | 84,7 | 62,6 | 22,0 | 4,8 | 4,6 | 6,0 |
| **Varóns** | 93,9 | 89,4 | 84,7 | 63,2 | 21,5 | 4,7 | 4,6 | 6,1 |
| **Mulleres** | 94,2 | 89,5 | 84,6 | 62,2 | 22,5 | 4,9 | 4,6 | 5,8 |
| **1998 Ambos sexos** | 94,2 | 89,6 | 84,8 | 63,0 | 21,8 | 4,8 | 4,6 | 5,8 |
| **Varóns** | 94,1 | 89,6 | 84,9 | 63,5 | 21,3 | 4,7 | 4,5 | 5,9 |
| **Mulleres** | 94,3 | 89,7 | 84,8 | 62,6 | 22,2 | 4,9 | 4,6 | 5,7 |
| **1996 Ambos Sexos** | 94,5 | 90,0 | 85,2 | 63,6 | 21,6 | 4,8 | 4,5 | 5,5 |
| **Varóns** | 94,4 | 90,0 | 85,3 | 64,1 | 21,2 | 4,7 | 4,4 | 5,6 |
| **Mulleres** | 94,6 | 90,1 | 85,2 | 63,2 | 22,0 | 4,9 | 4,6 | 5,4 |
| **Provincia de Pontevedra** | | | | | | | | |
| **1999 Ambos sexos** | 96,5 | 92,4 | 84,9 | 69,4 | 15,5 | 7,5 | 4,1 | 3,5 |
| **Varóns** | 96,6 | 92,4 | 85,1 | 69,3 | 15,8 | 7,4 | 4,2 | 3,4 |
| **Mulleres** | 96,4 | 92,4 | 84,8 | 69,6 | 15,1 | 7,6 | 4,0 | 3,6 |
| **1998 Ambos sexos** | 96,6 | 92,4 | 84,9 | 69,6 | 15,4 | 7,5 | 4,1 | 3,4 |
| **Varóns** | 96,7 | 92,4 | 85,1 | 69,4 | 15,7 | 7,4 | 4,2 | 3,3 |
| **Mulleres** | 96,5 | 92,5 | 84,8 | 69,8 | 15,1 | 7,6 | 4,0 | 3,5 |
| **1996 Ambos sexos** | 96,7 | 92,5 | 85,0 | 69,6 | 15,3 | 7,6 | 4,1 | 3,3 |
| **Varóns** | 96,8 | 92,5 | 85,1 | 69,4 | 15,6 | 7,5 | 4,2 | 3,2 |
| **Mulleres** | 96,6 | 92,5 | 84,9 | 69,8 | 15,1 | 7,7 | 4,0 | 3,4 |

Fonte: INE, *Padrón municipal de habitantes*

**CADRO 2.4.**

***Poboación das sete comarcas 1996-99: distribución segundo lugar de nacemento***

| | Nacidos en España | | | | | Nacidos no Estranxeiro |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Na mesma Comunidade Autónoma | | | En distinta Com. Autónoma | |
| | | Total | Mesmo municipio de residencia | Distinto municipio de residencia | | |
| | | | | % | | |
| **1999 Ambos sexos** | 96,3 | 90,5 | 55,9 | 34,5 | 5,8 | 3,7 |
| **Varóns** | 96,3 | 90,5 | 56,9 | 33,5 | 5,9 | 3,7 |
| **Mulleres** | 96,3 | 90,5 | 55,0 | 35,5 | 5,7 | 3,7 |
| **1998 Ambos sexos** | 96,3 | 90,5 | 56,1 | 34,5 | 5,8 | 3,7 |
| **Varóns** | 96,4 | 90,5 | 57,1 | 33,4 | 5,9 | 3,6 |
| **Mulleres** | 96,3 | 90,5 | 55,1 | 35,4 | 5,8 | 3,7 |
| **1996 Ambos sexos** | 96,5 | 90,7 | 56,2 | 34,6 | 5,8 | 3,5 |
| **Varóns** | 96,6 | 90,7 | 57,2 | 33,5 | 5,9 | 3,4 |
| **Mulleres** | 96,5 | 90,8 | 55,2 | 35,5 | 5,7 | 3,5 |

Fonte:Elaboración propia a partir de datos INE, *Padrón municipal de habitantes*

Atendendo á súa desagregación por sexos, o devandito cadro reflicte que a porcentaxe de varóns residentes nesta área xeográfica e nacidos nos municipios da mesma é superior á rexistrada no caso das mulleres (un 56,95 fronte a un 55,0%, respectivamente). Pola contra, no caso das persoas residentes aínda que nacidas nun municipio distinto ó de residencia, a porcentaxe de mulleres é superior á rexistrada no caso dos homes (35,5% fronte ó 33,5%, respectivamente).

Dos datos destas sete comarcas consideradas pódense tirar como aspectos máis salientables os seguintes:

– Estas comarcas acollen o 66,5% do total das persoas residentes en Galicia que viven nun municipio distinto ó do seu nacemento, sendo esta porcentaxe do 65,3% no caso dos homes e do 67,5% no caso das mulleres.

– Nas comarcas de Vigo e Pontevedra é onde se rexistra a maior porcentaxe de persoas residentes en cada unha destas comarcas nacidas na mesma área xeográfica considerada. No caso de Pontevedra esta é de 64,5% e na de Vigo, o 62,8%.

– A comarca de Ourense é a que rexistra un maior peso relativo das persoas residentes nacidas no estranxeiro, que representan o 5,5% do total das poboación residente na comarca ourensá.

– Pola contra, as porcentaxes máis reducidas rexístranse nas comarcas de Ferrol, co 1,7%, e na de Lugo, co 2,1%.

– Finalmente, do total da poboación residente na comarca de A Coruña, o 45,3% da mesma nacera en municipios da mesma comarca e un 7,4% o fixera en municipios pertencentes a outras comunidades autónomas.

Segundo reflicten os datos do padrón actualizado a 1 de xaneiro do ano 2000, recollidos nos devanditos **anexos 4.** a **7.**, aumenta en 1.306 habitantes a poboación galega nas 24 comarcas da Galicia occidental-costa (Barbanza, A Barcala, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortegal, Santiago, O Sar, Terra de Soneira, e Xallas, na provincia de A Coruña; A Mariña Central, A Mariña Occidental, e A Mariña Oriental, na provincia de Lugo; e o Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, na provincia de Pontevedra) fronte á caída de 13.405 persoas nas 29 comarcas do interior. En termos relativos, aproximadamente sete de cada dez galegos residen nas comarcas que conforman a Galicia occidental costa.

Atendendo ó lugar de nacemento da poboación residente nestas dúas grandes áreas xeográficas, os **cadros 2.5.** e **2.6.** e o **anexo 8**. reflicten que o número de persoas residentes na Galicia

**CADRO 2.5.**

***Poboación de Galicia Occidental - Costa e Galicia interior 1996-99: distribución segundo lugar de nacemento***

| | Nacidos en España | | | | | Nacidos no Estranxeiro |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Na mesma Comunidade Autónoma | | | En distinta Com. Autónoma | |
| | | Total | Mesmo municipio de residencia | Distinto municipio de residencia | | |
| | | | | % | | |
| **Galicia Occidental-Costa** | | | | | | |
| **1999 Ambos sexos** | 96,9 | 92,3 | 63,3 | 29,0 | 4,6 | 3,1 |
| **Varones** | 96,9 | 92,2 | 63,6 | 28,6 | 4,7 | 3,1 |
| **Mujeres** | 96,9 | 92,3 | 63,0 | 29,4 | 4,5 | 3,1 |
| **1998 Ambos sexos** | 96,8 | 92,2 | 63,4 | 28,8 | 4,6 | 3,2 |
| **Varones** | 96,9 | 92,2 | 63,8 | 28,4 | 4,7 | 3,1 |
| **Mujeres** | 96,8 | 92,3 | 63,1 | 29,2 | 4,5 | 3,2 |
| **1996 Ambos Sexos** | 97,1 | 92,6 | 63,7 | 28,9 | 4,6 | 2,9 |
| **Varones** | 97,2 | 92,5 | 64,1 | 28,5 | 4,7 | 2,8 |
| **Mujeres** | 97,1 | 92,6 | 63,3 | 29,3 | 4,5 | 2,9 |
| **Galicia Interior** | | | | | | |
| **1999 Ambos sexos** | 95,8 | 91,9 | 68,7 | 23,2 | 3,9 | 4,2 |
| **Varones** | 95,9 | 92,0 | 69,9 | 22,1 | 3,9 | 4,1 |
| **Mujeres** | 95,8 | 91,9 | 67,7 | 24,2 | 3,9 | 4,2 |
| **1998 Ambos sexos** | 95,9 | 92,0 | 69,1 | 22,9 | 3,9 | 4,1 |
| **Varones** | 95,9 | 92,1 | 70,2 | 21,8 | 3,8 | 4,1 |
| **Mujeres** | 95,9 | 92,0 | 68,0 | 24,0 | 4,0 | 4,1 |
| **1996 Ambos sexos** | 96,1 | 92,3 | 69,6 | 22,8 | 3,8 | 3,9 |
| **Varones** | 96,1 | 92,4 | 70,7 | 21,7 | 3,7 | 3,9 |
| **Mujeres** | 96,1 | 92,3 | 68,5 | 23,8 | 3,9 | 3,9 |

Fonte:Elaboración propia a partir de datos INE, *Padrón municipal de habitantes*

occidental costa que naceran nun municipio distinto ó da súa residencia foi de 546.912 persoas (o 29,0% da poboación galega residente nesa zona), das que 288.167 persoas eran mulleres (o 29,4% das mulleres residentes nesa área). A porcentaxe de persoas que o fixeron noutras comunidades autónomas foi do 4,6% (87.144 persoas), sendo esta porcentaxe de 4,7% no caso dos homes (42.716) e de 4,5% no caso das mulleres (44.425 persoas).

Comparado co ano 1996, prodúcese unha medra no caso da poboación residente na Galicia occidental-costa que nacera nun municipio distinto ó da súa residencia (674 persoas máis), así como en outras comunidades autónomas (958 persoas) e no estranxeiro (4.701).

Do total da poboación residente e nacida en Galicia, o 69,2% o fai na denominada Galicia occidental-costa, sendo esta porcentaxe do 73,7% no caso da poboación que reside nun municipio diferente ó do seu macemento.

No caso da Galicia interior, a poboación residente nacida nun municipio distinto ó da súa residencia representaba en 1999 o 68,7% (69,9% homes), sendo esta porcentaxe 0,9 puntos inferior á rexistrada en maio de 1996. O peso relativo da poboación residente nacida no estranxeiro é do 4,2% no caso da Galicia interior (3,9% en 1996) e de 3,1% na Galicia occidental costa (2,9% en 1996).

En termos absolutos, o número de persoas residentes nesta área xeográfica que nacera nun municipio distinto ó da súa residencia ascendeu a 195.495 persoas (105.531 mulleres). A diferencia do acontecido no caso da Galicia occidental, no interior o número de residentes nacidos no estranxeiro supera ó de nacidos noutras comunidades autónomas (35.064 e 32.962 persoas, respectivamente).

Comparado co ano 1996, aumenta a poboación residente na Galicia interior que nacera nun municipio distinto ó da súa residencia (1.286 per-

## CADRO 2.6.

*Poboación residente en Galicia e nacida en Galicia 1999: distribución segundo sexo e lugar de nacemento*

| | Nacidos en Galicia | | | | Nacidos en Galicia. Homes | | | Nacidos en Galicia. Mulleres | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Mesmo municipio de residencia | Distinto municipio de residencia | Distinto municipio. Distinta provincia | Total | Mesmo municipio de residencia | Distinto municipio de residencia | Total | Mesmo municipio de residencia | Distinto municipio de residencia |
| **Galicia** | 2.516.552 | 1.774.145 | 742.408 | 170.365 | 1.209.768 | 861.059 | 348.710 | 1.306.785 | 913.087 | 393.697 |
| **A Coruña** | 1.027.530 | 674.105 | 353.425 | 70.790 | 493.340 | 328.122 | 165.218 | 534.190 | 345.983 | 188.207 |
| **Lugo** | 339.857 | 252.380 | 87.477 | 14.677 | 165.607 | 126.546 | 39.061 | 174.250 | 125.834 | 48.416 |
| **Ourense** | 309.193 | 216.514 | 92.680 | 16.592 | 148.214 | 104.748 | 43.467 | 160.980 | 111.766 | 49.213 |
| **Pontevedra** | 839.972 | 631.146 | 208.826 | 68.306 | 402.607 | 301.643 | 100.964 | 437.365 | 329.504 | 107.861 |
| **Sete comarcas onde se ubican os núcleos máis importantes** | 1.292.849 | 799.283 | 493.566 | 129.120 | 615.000 | 387.124 | 227.872 | 677.849 | 412.155 | 265.689 |
| **A Coruña** | 313.018 | 160.650 | 152.372 | 36.978 | 148.502 | 78.156 | 70.347 | 164.515 | 82.493 | 82.023 |
| **Santiago** | 131.753 | 83.397 | 48.355 | 13.605 | 62.638 | 40.590 | 22.048 | 69.112 | 42.806 | 26.306 |
| **Ferrol** | 155.517 | 94.028 | 61.488 | 8.668 | 73.974 | 45.648 | 28.324 | 81.544 | 48.382 | 33.162 |
| **Lugo** | 102.626 | 66.131 | 36.495 | 5.749 | 49.187 | 33.036 | 16.148 | 53.440 | 33.094 | 20.346 |
| **Ourense** | 126.245 | 72.179 | 54.066 | 10.924 | 59.757 | 35.019 | 24.737 | 66.489 | 37.159 | 29.327 |
| **Pontevedra** | 104.685 | 73.677 | 31.011 | 7.296 | 49.511 | 34.632 | 14.879 | 55.174 | 39.044 | 16.129 |
| **Vigo** | 359.005 | 249.221 | 109.785 | 45.900 | 171.431 | 120.043 | 51.389 | 187.575 | 129.177 | 58.396 |
| **Galicia occidental costa** | 1.741.543 | 1.194.631 | 546.912 | | 835.089 | 576.351 | 258.738 | 906.447 | 618.280 | 288.167 |
| **Galicia interior** | 775.009 | 579.514 | 195.495 | | 374.679 | 284.708 | 89.971 | 400.338 | 294.807 | 105.531 |
| | | | | | % | | | | | |
| **Galicia** | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |
| **A Coruña** | 40,8 | 38,0 | 47,6 | 41,6 | 40,8 | 38,1 | 47,4 | 40,9 | 37,9 | 47,8 |
| **Lugo** | 13,5 | 14,2 | 11,8 | 8,6 | 13,7 | 14,7 | 11,2 | 13,3 | 13,8 | 12,3 |
| **Ourense** | 12,3 | 12,2 | 12,5 | 9,7 | 12,3 | 12,2 | 12,5 | 12,3 | 12,2 | 12,5 |
| **Pontevedra** | 33,4 | 35,6 | 28,1 | 40,1 | 33,3 | 35,0 | 29,0 | 33,5 | 36,1 | 27,4 |
| **Sete comarcas onde se ubican os núcleos máis importantes** | 51,4 | 45,1 | 66,5 | 75,8 | 50,8 | 45,0 | 65,3 | 51,9 | 45,1 | 67,5 |
| **A Coruña** | 12,4 | 9,1 | 20,5 | 21,7 | 12,3 | 9,1 | 20,2 | 12,6 | 9,0 | 20,8 |
| **Santiago** | 5,2 | 4,7 | 6,5 | 8,0 | 5,2 | 4,7 | 6,3 | 5,3 | 4,7 | 6,7 |
| **Ferrol** | 6,2 | 5,3 | 8,3 | 5,1 | 6,1 | 5,3 | 8,1 | 6,2 | 5,3 | 8,4 |
| **Lugo** | 4,1 | 3,7 | 4,9 | 3,4 | 4,1 | 3,8 | 4,6 | 4,1 | 3,6 | 5,2 |
| **Ourense** | 5,0 | 4,1 | 7,3 | 6,4 | 4,9 | 4,1 | 7,1 | 5,1 | 4,1 | 7,4 |
| **Pontevedra** | 4,2 | 4,2 | 4,2 | 4,3 | 4,1 | 4,0 | 4,3 | 4,2 | 4,3 | 4,1 |
| **Vigo** | 14,3 | 14,0 | 14,8 | 26,9 | 14,2 | 13,9 | 14,7 | 14,4 | 14,1 | 14,8 |
| **Galicia occidental costa** | 69,2 | 67,3 | 73,7 | | 69,0 | 66,9 | 74,2 | 69,4 | 67,7 | 73,2 |
| **Galicia interior** | 30,8 | 32,7 | 26,3 | | 31,0 | 33,1 | 25,8 | 30,6 | 32,3 | 26,8 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos *INE, Padrón Municipal de Habitantes 1999*

## CADRO 2.7.

*Distribución da ocupación en Galicia 1996 - 2000*

| | 2000 | 1996 |
|---|---|---|
| | *(en miles)* | |
| **Poboación maior de 16** | 2.326,5 | 2.287,9 |
| **Poboación activa** | 1.158,0 | 1.119,1 |
| **Poboación ocupada** | 986,6 | 910,9 |
| **Poboación parada** | 171,3 | 208,2 |
| | % | |
| **Taxa de actividade** | 49,8 | 48,9 |
| **Taxa de ocupación** | 42,4 | 39,8 |
| **Taxa de desemprego** | 14,8 | 18,6 |
| **Demandas de emprego inscritas** | | |
| **Altas** | 877.259 | 605.379 |
| **Paro rexistrado** | 135.335 | 274.156 |
| **Baixas** | 882.019 | 621.277 |
| **Postos ofrecidos para xestión dos SPE** | | |
| **Altas** | 34.402 | 73.810 |
| **Baixas** | 33.884 | 74.223 |
| **Ofertas pendentes** | 518 | 413 |

Fonte: Elaboración propia a partir de *INE e INEM.*

## CADRO 2.8.

*Clasificación da eficiencia na reducción da taxa de paro e no aumento da taxa de desemprego*

| | **Reducción da taxa de desemprego por debaixo da media** | **Reducción da taxa de desemprego por riba da media** |
|---|---|---|
| **Aumento do VEB por debaixo da media** | Eficiencia normal | Supereficiencia |
| **Aumento do VEB por riba da media** | Ineficiencia | Eficiencia normal |

| | **Aumento da taxa de desemprego por debaixo da media** | **Aumento da taxa de desemprego por riba da media** |
|---|---|---|
| **Aumento do VEB por debaixo da media** | Eficiencia normal | Supereficiencia |
| **Aumento do VEB por riba da media** | Ineficiencia | Eficiencia normal |

## GRÁFICO 2.1.

*Clasificación segundo eficiencia na reducción da taxa de paro nas provincias galegas*




Fonte: *INE*

**CADRO 2.9.**

***VEB per cápita a prezos básicos (prezos correntes) 1996-99*** (1)

| | 1996 | 1997 (2) | 1998 (2) | 1999 (3) | 99/96 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | (millóns de pesetas) | | | % | |
| **Galicia** | 1,45 | 1,52 | 1,60 | 1,69 | 16,63 | |
| **A Coruña** | 1,55 | 1,64 | 1,73 | 1,82 | 17,01 | |
| **Lugo** | 1,47 | 1,44 | 1,50 | 1,55 | 5,66 | |
| **Ourense** | 1,33 | 1,36 | 1,41 | 1,49 | 11,60 | |
| **Pontevedra** | 1,37 | 1,47 | 1,57 | 1,68 | 22,61 | |
| | | | | | **Variación 96/99** | **Variación taxa de desemprego 96/99** |
| | | | | | | (puntos porcentuais) |
| **Galicia** | 100 | 100 | 100 | 100 | | |
| **A Coruña** | 106,96 | 107,61 | 107,90 | 107,32 | 0,36 | -3,7 |
| **Lugo** | 101,03 | 94,56 | 93,72 | 91,53 | -9,50 | -0,8 |
| **Ourense** | 91,81 | 89,64 | 87,58 | 87,86 | -3,95 | 4,4 |
| **Pontevedra** | 94,26 | 96,85 | 97,62 | 99,10 | 4,84 | -4,3 |

(1) Para o cálculo do VEB per cápita, os datos da poboación tomados son os seguintes: para o ano 1999, a renovación do padrón a 1 de xaneiro de 2000; para 1998, a renovación do padrón a 1 de xaneiro de 1999; para o ano 1997, a renovación do padrón a 1 de xaneiro de 1998; e para 1996, o padrón a 1 de maio de 1996.

(2) Previsión

(3) Avance

Fonte: Elaboración propia a partir de *INE, Contabilidad regional de España , EPA e Padróns Municipais de Habitantes*

soas máis, das que 846 eran mulleres), así como en outras comunidades autónomas (621 persoas) e no estranxeiro (2.180).

## Distribución da ocupación en Galicia

Como punto de partida da análise da distribución da ocupación en Galicia, o **cadro 2.7.** recolle un resumo da situación dos principais indicadores da ocupación en Galicia e a súa comparación co ano 1996.

Tendo en conta os datos da variación do valor engadido bruto no período 1996-99, o **cadro 2.8.** clasifica as provincias galegas polo seu **nivel de eficiencia** en canto a súa capacidade para reducilo nivel de paro.

Do **gráfico 2.1.** dedúcese que en relación á media galega, ningunha provincia compórtase de maneira ineficiente, no senso de que tendo unha taxa de crecemento do VEB superior á media galega presente un incremento superior do desemprego.

A provincia de A Coruña estaría situada no cuadrante que reflicte unha supereficiencia, no senso de que, cun aumento do VEB por debaixo da media, presenta unha reducción da taxa de desemprego por riba da media.

As outras tres provincias presentarían unha eficiencia normal. No caso de Pontevedra, porque con aumentos do VEB por riba da media presenta unha reducción da taxa de desemprego tamén por riba da media. A eficiencia normal das provincias de Lugo e Ourense é debida a que con aumentos do VEB por debaixo da media, presentan aumentos da taxa de desemprego por debaixo da media

### • *Características do tecido productivo*

Tendo en conta as diferencias nas taxas de desemprego no período considerado, o **cadro 2.9.** reflicte en qué medida as disparidades provinciais de crecemento en termos de **VEB por habitante** facilitaron ou non a reducción das taxas de desemprego.

Atendendo á evolución do VEB per cápita, o devandito cadro amosa que en Galicia danse tres tipos de converxencia:

–Por unha banda, na provincia de A Coruña rexístrase unha diverxencia positiva entre 1996 e 1999, dado que partindo dunha situación por riba da media, a diferencia con respecto á media aumenta en 1999.

– Por outra banda, existe unha diverxencia negativa nos casos de Ourense e Lugo, sendo esta última situación a máis salientable dado que partindo dunha situación por riba da media (101,03), esta empeora ano tras ano, estando en 1999 máis

**CADRO 2.10.**

***VEB a prezos básicos (precios correntes) 1996-99***

| | 1996 | 1999 (1) | 99/96 | 1996 | 1999 (1) | 99/96 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | % | | (puntos porcentuais) |
| **Galicia** | 3.956.023 | 4.628.088 | 17,0 | 100 | 100 | |
| **Agricultura, gandería e pesca** | 364.926 | 340.215 | -6,8 | 9,2 | 7,4 | -1,9 |
| **Industria incluida enerxía e construcción** | 1.240.731 | 1.476.084 | 19,0 | 31,4 | 31,9 | 0,5 |
| **Enerxía** | 256.878 | 277.418 | 8,0 | 6,5 | 6,0 | -0,5 |
| **Industria** | 633.243 | 757.745 | 19,7 | 16,0 | 16,4 | 0,4 |
| **Construcción** | 350.610 | 440.921 | 25,8 | 8,9 | 9,5 | 0,7 |
| **Actividades dos servicios** | 2.516.154 | 2.984.705 | 18,6 | 63,6 | 64,5 | 0,9 |
| **Servicios de mercado** | 1.877.204 | 2.255.707 | 20,2 | 47,5 | 48,7 | 1,3 |
| **Servicios de non mercado** | 638.950 | 728.998 | 14,1 | 16,2 | 15,8 | -0,4 |
| **SIFMI** | - 165.788 | - 172.916 | -4,3 | -4,2 | -3,7 | 0,5 |
| **A Coruña** | 1.725.071 | 2.015.168 | 16,8 | 100 | 100 | |
| **Agricultura, gandería e pesca** | 110.719 | 101.920 | -7,9 | 6,4 | 5,1 | -1,4 |
| **Industria incluida enerxía e construcción** | 603.102 | 696.897 | 15,6 | 35,0 | 34,6 | -0,4 |
| **Enerxía** | 217.488 | 229.288 | 5,4 | 12,6 | 11,4 | -1,2 |
| **Industria** | 244.287 | 269.956 | 10,5 | 14,2 | 13,4 | -0,8 |
| **Construcción** | 141.327 | 197.653 | 39,9 | 8,2 | 9,8 | 1,6 |
| **Actividades dos servicios** | 1.083.543 | 1.291.643 | 19,2 | 62,8 | 64,1 | 1,3 |
| **Servicios de mercado** | 789.110 | 959.187 | 21,6 | 45,7 | 47,6 | 1,9 |
| **Servicios de non mercado** | 294.433 | 332.456 | 12,9 | 17,1 | 16,5 | -0,6 |
| **SIFMI** | - 72.293 | - 75.292 | -4,1 | -4,2 | -3,7 | 0,5 |
| **Lugo** | 515.291 | 566.920 | 10,0 | 100 | 100 | |
| **Agricultura, gandería e pesca** | 94.184 | 63.653 | -32,4 | 18,3 | 11,2 | -7,0 |
| **Industria incluida enerxía e construcción** | 118.196 | 136.015 | 15,1 | 22,9 | 24,0 | 1,1 |
| **Enerxía** | 7.757 | 8.411 | 8,4 | 1,5 | 1,5 | 0,0 |
| **Industria** | 74.095 | 83.858 | 13,2 | 14,4 | 14,8 | 0,4 |
| **Construcción** | 36.344 | 43.746 | 20,4 | 7,1 | 7,7 | 0,7 |
| **Actividades dos servicios** | 324.506 | 388.433 | 19,7 | 63,0 | 68,5 | 5,5 |
| **Servicios de mercado** | 241.701 | 290.139 | 20,0 | 46,9 | 51,2 | 4,3 |
| **Servicios de non mercado** | 82.805 | 98.294 | 18,7 | 16,1 | 17,3 | 1,3 |
| **SIFMI** | - 21.595 | - 21.181 | 1,9 | -4,2 | -3,7 | 0,5 |
| **Ourense** | 462.656 | 513.855 | 11,1 | 100 | 100 | |
| **Agricultura, gandería e pesca** | 45.103 | 46.108 | 2,2 | 9,7 | 9,0 | -0,8 |
| **Industria incluida enerxía e construcción** | 131.513 | 147.985 | 12,5 | 28,4 | 28,8 | 0,4 |
| **Enerxía** | 21.105 | 25.128 | 19,1 | 4,6 | 4,9 | 0,3 |
| **Industria** | 50.864 | 61.124 | 20,2 | 11,0 | 11,9 | 0,9 |
| **Construcción** | 59.544 | 61.733 | 3,7 | 12,9 | 12,0 | -0,9 |
| **Actividades dos servicios** | 305.429 | 338.961 | 11,0 | 66,0 | 66,0 | -0,1 |
| **Servicios de mercado** | 231.591 | 255.138 | 10,2 | 50,1 | 49,7 | -0,4 |
| **Servicios de non mercado** | 73.838 | 83.823 | 13,5 | 16,0 | 16,3 | 0,4 |
| **SIFMI** | - 19.389 | - 19.199 | 1,0 | -4,2 | -3,7 | 0,5 |
| **Pontevedra** | 1.253.005 | 1.532.145 | 22,3 | 100 | 100 | |
| **Agricultura, gandería e pesca** | 114.920 | 128.534 | 11,8 | 9,2 | 8,4 | -0,8 |
| **Industria incluida enerxía e construcción** | 387.920 | 495.187 | 27,7 | 31,0 | 32,3 | 1,4 |
| **Enerxía** | 10.528 | 14.591 | 38,6 | 0,8 | 1,0 | 0,1 |
| **Industria** | 263.997 | 342.807 | 29,9 | 21,1 | 22,4 | 1,3 |
| **Construcción** | 113.395 | 137.789 | 21,5 | 9,0 | 9,0 | -0,1 |
| **Actividades dos servicios** | 802.676 | 965.668 | 20,3 | 64,1 | 63,0 | -1,0 |
| **Servicios de mercado** | 614.802 | 751.243 | 22,2 | 49,1 | 49,0 | 0,0 |
| **Servicios de non mercado** | 187.874 | 214.425 | 14,1 | 15,0 | 14,0 | -1,0 |
| **SIFMI** | - 52.511 | - 57.244 | -9,0 | -4,2 | -3,7 | 0,5 |

**(1) Avance**

Fonte: INE, *Contabilidad Regional de España*

de oito puntos por debaixo da media da comunidade galega (91,53).

– Por último, a provincia de Pontevedra experimenta un proceso de converxencia positiva, estando no ano 1999 menos dun punto porcentual por debaixo da media galega. Esta última provincia experimentou unha mellora respecto a 1996 de 4,84 puntos.

Tendo en conta as variacións das taxas de paro e ocupación, a provincia de Pontevedra amosa que o seu proceso de converxencia vai ligado a unha reducción da súa taxa de desemprego e a un aumento da ocupación, superiores ás rexistradas na provincia de A Coruña. Pola contra, a diverxencia rexistrada nas provincias de Lugo e Ourense foi asociada a unha reducción das súas taxas de ocupación, e a un aumento da taxa de desemprego no caso da provincia de Ourense.

Desagregando o ritmo de actividade xeral nos diferentes sectores económicos, no conxunto de Galicia, entre 1996 e 1999 prodúcese, **cadro 2.10.**, un descenso do peso relativo do sector primario, xunto ó crecemento da importancia relativa nos restantes sectores económicos.

A tendencia descendente no sector primario rexístrase en tódalas provincias galegas, salientando, polo seu descenso, o rexistrado na provincia de Lugo, onde a caída foi de máis de sete puntos (pasa do 18,3% no ano 1996 a 11,2% en 1999).

Nos outros sectores aprécianse certas diferencias respecto á evolución da economía galega. Así, na provincia de A Coruña, prodúcese un descenso da importancia relativa do sector industrial, en Ourense permanece constante o peso relativo do sector servicios e descende o da construcción, en tanto que en Pontevedra, a que cae é a importancia relativa do sector servicios, permanecendo á da construcción.

• ***Distribución da actividade, ocupación e desemprego***

En relación á distribución da actividade, ocupación e paro, os datos recollidos no **cadro 2.11.** reflicten a distinta situación entre o mercado de traballo das diferentes provincias galegas. En termos xerais, ó longo da serie 1996-00 prodúcese unha reducción (agás no acontecido no ano 1999) do diferencial entre as taxas máis elevadas e as máis baixas.

No caso da **taxa de actividade**, esta distancia redúcese dos 7,3 puntos que separaban as taxas de Lugo e A Coruña no ano 1996, ós 4,6 puntos que hai entre Pontevedra e Ourense en 1999. A provincia de Pontevedra é a que rexistra as taxas de actividade máis elevadas nos tres últimos anos, en tanto que Ourense presenta as taxas máis reducidas nos anos 1997, 1999 e 2000.

A evolución seguida pola taxa de actividade diverxe se se considera a dos homes ou a das mulleres. Por unha banda, no caso das mulleres, este diferencial redúcese dos 10,1 puntos existente entre a taxa de Lugo e A Coruña ós 5,5 puntos de 1999 no caso das mesmas provincias. Por outra, no período considerado o diferencial entre as taxas de actividade masculina medra desde os 3 puntos de 1992 (entre Pontevedra e A Coruña) e os 6,9 puntos de 1999 que hai entre Pontevedra e Ourense.

En tódolos anos da serie a provincia de Pontevedra rexistra a taxa de actividade masculina máis elevada, mentres que Ourense rexistra a máis baixa entre 1997 e 2000. No caso das mulleres, é A Coruña a provincia con menores taxas de actividade nos cinco anos considerados, en tanto que Lugo e Pontevedra presentan as máis elevadas.

Respecto ás **taxas de ocupación**, a distancia entre as provincias de Lugo e A Coruña foi de 6,09 puntos en 1996 fronte ós 4,70 puntos que separan a Pontevedra e Ourense no ano 2000. Ó longo da serie considerada, a provincia de Ourense rexistra as taxas de ocupación máis baixas dende 1997, en tanto que as taxas máis elevadas danse na provincia de Lugo entre 1996 e 1998 e na provincia de Pontevedra nos dous últimos anos.

Segundo a súa distribución por sexos, o diferencial entre as taxas dos homes (1,6%), e as mulleres (0,3%), en Galicia aumenta entre 1996 e 1999. No ano 2000 a tendencia invírtese, sendo o incremento da taxa de ocupación dos homes de 1,5% fronte ó 1,9% de incremento no caso das mulleres.

Finalmente, ó igual que nos casos anteriores, prodúcese unha reducción do diferencial entre as **taxas de desemprego** máis elevadas e as máis baixas, pasando dos 7,3 puntos de 1996 (Pontevedra e Lugo) ós 4,5 puntos que separan Ourense e Lugo no ano 2000. As taxas de desemprego máis reducidas danse na provincia de Lugo, mentres que as máis elevadas rexístranse en Pontevedra (1996-98) e Ourense nos dous últimos anos.

Este diferencial no caso do desemprego masculino é de 2,9 puntos, aínda que hai que sinalar que medrou entre 1997 e 1999. No caso da taxa de paro feminina, este está por riba dos 10 puntos nos tres primeiros anos da serie, sendo de 7,2 puntos no ano 2000. Tanto nun caso como noutro, as taxas de desemprego máis reducidas danse na provincia de Lugo. No caso das mulleres, as máis altas rexístranse nos cinco anos considerados na provincia de Pontevedra.

Atendendo á situación en función da **cualificación profesional** nas catro provincias, tanto a nivel da súa poboación activa, ocupada como

**CADRO 2.11.**

***Distribución das taxas de actividade, taxas de ocupación e taxas de desemprego en Galicia 1996 - 00***

| | Ámbolos dous sexos | | | | | Homes | | | | | Mulleres | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **H. Hostalería** | 9.091 | 2.704 | 2.628 | 6.430 | 20.853 | 8.945 | 2.623 | 2.580 | 6.272 | 20.420 |
| **I. Transporte, almacenamento e comunicacións** | 5.370 | 2.101 | 1.531 | 4.360 | 13.362 | 5.296 | 2.027 | 1.548 | 4.351 | 13.222 |
| **J. Intermediación financeira** | 1.033 | 314 | 269 | 676 | 2.292 | 921 | 295 | 216 | 609 | 2.041 |
| **K. Actividades inmobiliarias de alugueiro; servicios empresariais** | 10.537 | 2.580 | 2.436 | 7.349 | 22.902 | 9.955 | 2.456 | 2.314 | 6.800 | 21.525 |
| **M. Educación** | 1.138 | 286 | 282 | 895 | 2.601 | 1.067 | 270 | 282 | 844 | 2.463 |
| **N. Actividades sanitarias e veterinarias, servicios sociais** | 2.446 | 735 | 537 | 1.741 | 5.459 | 2.391 | 719 | 534 | 1.700 | 5.344 |
| **O. Outras actividades sociais e de servicios prestados á comunidade; servicios persoais** | 3.961 | 1.172 | 1.040 | 2.838 | 9.011 | 3.743 | 1.122 | 1.014 | 2.683 | 8.562 |
| **Total** | 69.358 | 21.854 | 20.969 | 53.874 | 166.055 | 67.434 | 21.207 | 20.519 | 51.828 | 160.988 |

Fonte: IGE, *Directorios de Empresas de Galicia 1999 e 2000.*

## CADRO 2.22.

### *VEB e Ingresos de explotación das empresas galegas 1997-99* (1)

| | Empresas | Ingresos de explotación 1997 | Ingresos de explotación 1999 | VEB 1997 | VEB 1999 | VEB 99 / VEB 97 | ING 99 / ING 97 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(miles de pesetas)* | | | % | |
| **Galicia** | 9.238 | 4.261.956.840 | 5.709.308.007 | 848.357.130 | 1.111.228.208 | 31,0 | 34,0 |
| Galicia occidental-costa (2) | 6.946 | 3.670.077.086 | 4.936.527.909 | 720.848.806 | 947.264.513 | 31,4 | 34,5 |
| Galicia interior | 2.292 | 591.879.754 | 772.780.098 | 127.508.324 | 163.963.695 | 28,6 | 30,6 |
| Provincia de A Coruña | 3.907 | 1.808.789.713 | 2.473.970.522 | 383.233.643 | 513.155.230 | 33,9 | 36,8 |
| Provincia de Lugo | 1.035 | 280.662.373 | 352.204.304 | 52.324.840 | 64.314.715 | 22,9 | 25,5 |
| Provincia de Ourense | 995 | 257.623.601 | 338.607.514 | 61.906.839 | 79.986.421 | 29,2 | 31,4 |
| Provinica de Pontevedra | 3.301 | 1.914.881.153 | 2.544.525.667 | 350.891.808 | 453.771.842 | 29,3 | 32,9 |
| **Total sete comarcas** | 6.270 | 3.306.341.165 | 4.481.015.906 | 666.009.018 | 880.618.300 | 32,2 | 35,5 |
| A Coruña | 1.845 | 994.607.899 | 1.360.163.884 | 221.268.608 | 298.813.073 | 35,0 | 36,8 |
| Santiago | 657 | 250.944.265 | 344.194.805 | 61.162.481 | 76.120.730 | 24,5 | 37,2 |
| Ferrol | 373 | 139.388.085 | 215.306.574 | 30.732.383 | 48.004.482 | 56,2 | 54,5 |
| Lugo | 485 | 133.096.946 | 174.578.214 | 27.326.769 | 34.209.861 | 25,2 | 31,2 |
| Ourense | 611 | 185.061.047 | 235.692.639 | 40.742.034 | 52.473.907 | 28,8 | 27,4 |
| Vigo | 1.797 | 1.387.057.733 | 1.864.148.363 | 247.906.736 | 323.513.458 | 30,5 | 34,4 |
| Pontevedra | 402 | 216.185.090 | 286.931.327 | 36.869.907 | 47.482.689 | 28,8 | 32,7 |
| | | | *(% sobre total)* | | | | |
| **Galicia** | | | | | | | |
| Galicia occidental-costa (2) / Galicia | 75,2 | 86,1 | 86,5 | 85,0 | 85,2 | | |
| Galicia interior / Galicia | 24,8 | 13,9 | 13,5 | 15,0 | 14,8 | | |
| **Total sete comarcas/Galicia** | 67,9 | 77,6 | 78,5 | 78,5 | 79,2 | | |

(1) A mostra de estudio está constituída por 9.238 empresas galegas cunha facturación, en 1999, superior a 51 millóns de pesetas

(2) Inclúe tódalas comarcas das áreas funcionais de Ferrol, A Coruña, Mariña e Pontevedra, e as comarcas Baixo Miño e Vigo, na área funcional de Vigo, e as comarcas de A Barbanza, Barcala, Muros, Noia, O Sar, Santiago, e Xallas, na área funcional de Santiago

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos Ardán.

CADRO 2.23.

*Relación das taxas de actividade, emprego e paro coa composición demográfica, de xénero, sectorial da actividade e nivel educativo en Galicia 1996-00*

| | período | Galicia | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Taxa de actividade | Taxa de ocupación | Taxa de paro |
| Poboación 16 - 19 | 1996 - 00 | -18,33 | -52,44 | 69,97 |
| Poboación maior 55 | | 17,68 | -21,85 | 48,85 |
| Actividade feminina | 1996 - 00 | 59,60 | 74,80 | -73,73 |
| Actividade masculina | | 74,40 | 59,75 | -38,47 |
| Peso S. Primario | 1996 - 99 | 50,36 | -29,76 | 63,32 |
| Industria | | -60,38 | -64,48 | 30,64 |
| Construcción | | -41,56 | 39,26 | -67,87 |
| Servicios | | -28,65 | 51,14 | -72,43 |
| Activos sen estudios | 1996 - 99 | 37,70 | -44,48 | 71,21 |
| Educación primaria | | 31,92 | -48,42 | 71,58 |
| Secundaria | | -25,05 | 54,87 | -74,32 |
| Superiores | | -18,58 | 53,52 | -68,42 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos *EPA* e Contabilidade Rexional.

CADRO 2.24.

*Relación do número de empresas coa poboación total, activa e ocupada e valor engadido bruto 1997-99*

| | Sector empresarial | | | | Valor engadido bruto (1) | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Industria | Construcción | Servicios | Total | Industria | Construcción | Servicios |
| Galicia | | | | | | | | |
| Poboación total | 57,7 | 62,3 | 61,7 | 54,9 | 63,0 | 65,2 | 62,5 | 62,3 |
| Poboación activa (1) | 65,2 | 66,6 | 66,5 | 63,9 | 66,7 | 66,3 | 66,6 | 66,6 |
| poboación ocupada (1) | 65,6 | 66,7 | 66,6 | 64,4 | 66,7 | 66,1 | 66,7 | 66,7 |
| VEB (1) | 65,5 | 66,6 | 66,6 | 64,3 | | | | |

(1) Só considera os sectores non agrarios
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos *EPA*, *Dirce* e da *Contablidade Rexional*

e da producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga, na provincia de A Coruña (55% e 61,1%, respectivamente).

Respecto ós datos das 9.238 empresas analizadas por Ardán, o **cadro 2.22.** reflicte que a Galicia occidental-costa acolle o 75% das empresas consideradas, e que estas acaparan en torno ó 85% do VEB xerado e dos ingresos de explotación xerados nos anos 1997 e 1999. Atendendo á distribución entre as sete comarcas onde se atopan as sete cidades máis importantes en termos de poboación, nestas emprázase o 67% das empresas analizadas, que xeran case que o 80% do total VEB e dos ingresos de explotación xerados en Galicia nos ditos anos.

## Correlacións

Os datos do **cadro 2.23.** reflicten que existe unha correlación negativa entre o peso relativo dos sectores industrial, construcción e servicios e as taxas de desemprego, de xeito que canto maior sexa o peso relativo dos devanditos sectores económicos, menores serán as taxas de desemprego. Asemade, o devandito **cadro 2.23.** reflicte unha relación inversa ou negativa entre o peso do sector industrial e as taxas de ocupación e unha certa correlación positiva entre a importancia do sector servicios e a taxa de ocupación.

Asemade, o cadro amosa, por unha banda, que canto maior sexa a taxa de actividade feminina mellores serán os comportamentos das taxas de ocupación e de desemprego. Por outra, atendendo ó nivel de estudios, existe unha relación directa ou positiva entre os activos sen estudios e con estudios primarios e a taxas de desemprego, e indirecta no caso dos activos cun nivel de estudios de secundaria ou superiores.

O **cadro 2.24.** amosa a relación do número de empresas e o VEB coa poboación total, activa e ocupada en 1997 e 1999. O coeficiente de correla-

CADRO 2.25.

***Saldo migratorio interno das provincias galegas 1992-99***

| | 1992 | 1993 | 1994 | 1995 | 1998 | 1999 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | - | - | - | - | - | - |
| **A Coruña** | 598 | 815 | 526 | 671 | 289 | 552 |
| **Lugo** | -345 | -327 | -214 | -324 | -184 | -348 |
| **Ourense** | -484 | -433 | -199 | -331 | -336 | -339 |
| **Pontevedra** | 231 | -55 | -113 | -16 | 231 | 135 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, *Estadística de variaciones residenciales*

ción entre estas variables está en torno ó 65% agás no caso da relación entre a poboación total e o número de empresas, que é do 58% (55% no caso do sector servicios)

## Migracións interiores

Por migracións interiores consideranse todos aqueles desprazamentos de poboación realizados entre municipios e provincias galegas con intencionalidade de permanencia. Ó longo dos seis anos considerados, a pesares dos altibaixos, o conxunto dos municipios da provincia de A Coruña son os únicos que manteñen, ininterrompidamente, o seu saldo migratorio interno positivo, ó contrario do acontecido no caso de Lugo e Ourense, onde este é sempre negativo. Nos concellos da provincia de Pontevedra, o saldo migratorio é negativo entre os anos 1993 e 1995, aínda que no global dos anos considerados, este é positivo (**cadro 2.25.**).

No ano 1999, rexistráronse un total de 44.587 migracións (un 8,4% máis que no ano 1998) que tiveron como orixe e destino municipios da comunidade autónoma galega. A meirande parte destes desprazamentos (36.439 migracións) realizáronse entre concellos dunha mesma provincia, sendo A Coruña a que rexistra, en termos absolutos, un maior número de desprazamentos, con 17.736, seguida de Pontevedra, con 9.971 movementos, e de Ourense e Lugo, con 5.874 e 2.858, respectivamente.

Comparado co acontecido nos anos anteriores, o número de migracións interiores por mil habitantes en Galicia aumenta de maneira ininterrompida, pasando dos 9,29 desprazamentos por cada mil habitantes en 1992 ás 16,32 migracións do ano 1999. Se considerámo-las migracións acontecidas dentro dunha mesma provincia, esta taxa segue a mesma tendencia pasando das 7,53 migracións por cada mil habitantes ás 13,34 migracións de 1999, sendo a provincia de Ourense a que presenta no ano 1999 unha maior ratio, cun 17,01, fronte ó 16,00 no caso da provincia de A Coruña (no resto dos anos considerados, esta provincia é a que presenta o maior valor).

Definida a taxa neta de migración interior como a diferencia entre as taxas de inmigración e emigración interior –expresada en relación a un intervalo anual e calculada en base á poboación do período considerado-, os concellos das provincias de A Coruña, Pontevedra e Lugo presentan no ano 1999 uns niveis similares ós de 1992, polo que a capacidade receptora e emisora destes concellos mantense nese período. Os municipios da provincia de Ourense, a pesares de rexistra-la variación máis acusada, seguen sendo os concellos emisores máis importantes.

Atendendo á dirección dos desprazamentos migratorios, o **cadro 2.27.** reflicte que no ano 1999 se rexistraron en Galicia un total de 60.467 migracións con orixe nos concellos galegos, das que o 73,7% (44.587 migracións) tiveron lugar entre concellos galegos. En termos absolutos, a principal orixe destas migracións son os concellos da provincia de A Coruña, que acollen o maior número de migracións en tódolos anos da serie (algo menos da metade), seguida de Pontevedra, que acolle en torno ó 27% das migracións.

Comparando os datos dos anos 1992 e 1999, o devandito **cadro 2.27.** reflicte que tan só a provincia de Ourense experimenta un incremento do

CADRO 2.26.

*Taxas de emigración e inmigración interior e taxas netas de migración interior 1992-99*

**Taxas de emigración dentro da C.A. 1992-99**

| | A Coruña | | | Lugo | | | Ourense | | | Pontevedra | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | mesma provincia | outras provincias | Total | mesma provincia | outras provincias | Total | mesma provincia | outras provincias | Total | mesma provincia | outras provincias |
| **1992** | 10,72 | 9,53 | 1,19 | 8,37 | 5,60 | 2,77 | 9,85 | 6,84 | 3,00 | 7,71 | 6,18 | 1,53 |
| **1993** | 12,42 | 11,11 | 1,32 | 9,25 | 6,38 | 2,87 | 11,53 | 8,30 | 3,23 | 9,43 | 7,58 | 1,85 |
| **1994** | 14,26 | 12,52 | 1,74 | 10,69 | 7,18 | 3,51 | 14,89 | 11,64 | 3,25 | 9,85 | 7,77 | 2,08 |
| **1995** | 15,22 | 13,44 | 1,78 | 10,83 | 7,19 | 3,64 | 15,81 | 11,70 | 4,11 | 11,36 | 9,04 | 2,32 |
| **1998** | 17,28 | 15,18 | 2,10 | 12,00 | 8,27 | 3,72 | 18,26 | 13,70 | 4,56 | 12,37 | 9,89 | 2,49 |
| **1999** | 18,16 | 16,00 | 2,16 | 12,05 | 7,82 | 4,23 | 21,98 | 17,01 | 4,97 | 13,65 | 10,93 | 2,72 |

**Taxas de inmigración dentro da C.A. 1992-99**

| | A Coruña | | | Lugo | | | Ourense | | | Pontevedra | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | mesma provincia | outras provincias | Total | mesma provincia | outras provincias | Total | mesma provincia | outras provincias | Total | mesma provincia | outras provincias |
| **1992** | 11,27 | 9,53 | 1,73 | 7,46 | 5,60 | 1,86 | 8,47 | 6,84 | 1,63 | 7,96 | 6,18 | 1,78 |
| **1993** | 13,16 | 11,11 | 2,06 | 8,39 | 6,38 | 2,00 | 10,29 | 8,30 | 1,99 | 9,37 | 7,58 | 1,79 |
| **1994** | 14,74 | 12,52 | 2,22 | 10,12 | 7,18 | 2,94 | 14,32 | 11,64 | 2,68 | 9,73 | 7,77 | 1,95 |
| **1995** | 15,83 | 13,44 | 2,39 | 9,96 | 7,19 | 2,78 | 14,85 | 11,70 | 3,15 | 11,34 | 9,04 | 2,30 |
| **1998** | 17,54 | 15,18 | 2,36 | 11,50 | 8,27 | 3,22 | 17,28 | 13,70 | 3,59 | 12,63 | 9,89 | 2,74 |
| **1999** | 18,66 | 16,00 | 2,66 | 11,10 | 7,82 | 3,28 | 21,00 | 17,01 | 3,99 | 13,80 | 10,93 | 2,87 |

**Taxa neta de migración dentro da C.A. 1992-99**

| | A Coruña | | | Lugo | | | Ourense | | | Pontevedra | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | mesma provincia | outras provincias | Total | mesma provincia | outras provincias | Total | mesma provincia | outras provincias | Total | mesma provincia | outras provincias |
| **1992** | 0,54 | - | 0,54 | -0,91 | - | -0,91 | -1,38 | - | -1,38 | 0,26 | - | 0,26 |
| **1993** | 0,74 | - | 0,74 | -0,86 | - | -0,86 | -1,24 | - | -1,24 | -0,06 | - | -0,06 |
| **1994** | 0,48 | - | 0,48 | -0,57 | - | -0,57 | -0,57 | - | -0,57 | -0,13 | - | -0,13 |
| **1995** | 0,61 | - | 0,61 | -0,87 | - | -0,87 | -0,96 | - | -0,96 | -0,02 | - | -0,02 |
| **1998** | 0,26 | - | 0,26 | -0,50 | - | -0,50 | -0,97 | - | -0,97 | 0,25 | - | 0,25 |
| **1999** | 0,50 | - | 0,50 | -0,95 | - | -0,95 | -0,98 | - | -0,98 | 0,15 | - | 0,15 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *INE, Estadística de Variaciones Residenciales*

peso relativo das migracións no total galego, ó pasar dun 13,6% a un 17,0% en 1999. Respecto ás outras tres provincias, o descenso máis acusado desta importancia relativa prodúcese no caso dos concellos da provincia de Lugo, cunha caída de case 2 puntos porcentuais.

Atendendo á relación entre o número de emigracións interiores e a poboación (en tantos por mil), as provincias de A Coruña e Ourense presentan valores superiores á media galega nos seis anos considerados, sendo esta última a que presenta un maior valor entre 1994 e 1999. Neste último ano, a taxa de emigración interior acadou un valor de 21,61 en Ourense, fronte ós 18,30 no caso da provincia de A Coruña. Como norma xeral, a taxa de emigración interior máis reducida é a que se da na provincia de Lugo, que acada un valor de 11,58 no ano 1999.

Atendendo á desagregación entre emigracións acontecidas entre municipios dunha mesma provincia e concellos das outras provincias galegas, o **cadro 2.26.** reflicte que as taxas máis altas de emigración a concellos fóra da súa provincia rexístranse en Ourense e Lugo. Coa excepción do ano 1995, a taxa de emigración interior ourensá é superior á de lugo, acadando no ano 1999 un valor de 4,97 emigracións por cada mil habitantes fronte ás 4,23 migracións no caso de Lugo. Na provincia de Pontevedra esta taxa acada os 2,72 en 1999 e en A Coruña o 2,16.

En relación ós movementos acontecidos nas diferentes provincias galegas, o **cadro 2.27.** amosa que na provincia de A Coruña, no ano 1999, case un 90% do total das emigracións interiores prodúcense entre municipios da mesma provincia, sendo os concellos da provincia de Pontevedra o principal destino das emigracións interiores, co 6,6% do total.

Na provincia de Lugo, a porcentaxe de emigracións interiores producidas entre concellos desta provincia ascendeu ó 64,9% no ano 1999, cando no ano anterior esta porcentaxe fóra do 69%. Un 22,9% das emigracións dos concellos de Lugo diríxense ós concellos da provincia de A Coruña, seguido dos de Pontevedra, co 7,0%. Comparado co acontecido no anos anteriores, a caída da importancia relativa das emigracións interiores dentro da provincia de Lugo vai asociada ó aumento acontecido entre municipios de Lugo e Ourense, xa que a importancia relativa das outras dúas provincias permanece practicamente igual.

No caso da provincia de Ourense, un 77,4% das migracións interiores prodúcense entre municipios ourensás, dirixíndose un 12,8% das migracións a concellos da provincia de Pontevedra. Non obstante, comparado co acontecido no ano 1992, hai que salienta-lo aumento da importancia relativa das emigracións entre municipios da provincia de Ourense (aumenta case 8 puntos porcentuais), fronte ó descenso do peso relativo dos concellos de Pontevedra (6,2 puntos) e de A Coruña (case 2 puntos).

Finalmente, no caso da provincia de Pontevedra, as migracións entre municipios desta provincia mantense ó longo dos anos en torno ó 80% do total das emigracións rexistradas nesta provincia. Fóra desta provincia, as emigracións diríxense ós concellos da provincia de A Coruña, nun 11,6%, seguida de Ourense, cun 6,5%. Comparado co ano 1992 hai que salienta-lo aumento relativo das emigracións cara á concellos ourensás, en tanto que descenden as dirixidas a A Coruña.

En relación ás migracións interiores con destino nos concellos galegos, o **cadro 2.28.** amosa que os concellos de Galicia rexistraron un total de 55.329 migracións, das que o 80,6% provén doutros municipios galegos. En termos absolutos, ó igual que no caso das emigracións interiores, o principal destino destas inmigracións son os concellos das provincias de A Coruña e Pontevedra, que acollen algo menos da metade das inmigracións interiores no primeiro caso e en torno ó 28% das migracións no caso de Pontevedra.

Comparando os datos dos anos 1992 e 1999, o devandito **cadro 2.28.** reflicte que tan só a provincia de Ourense experimenta un incremento do peso relativo das inmigracións no total galego, ó pasar dun 11,7% a un 16,2% en 1999. Respecto ó descenso nas outras tres provincias, salienta que A

CADRO 2.27.

***Migraciones interiores segundo provincia de destino 1992-99***

**1992**

| | Total | Lugar de destino | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| **Galicia** | 33.292 | 25.376 | 12.396 | 2.839 | 2.974 | 7.167 |
| **Coruña (A)** | 14.715 | 11.798 | 10.491 | 417 | 136 | 754 |
| **Lugo** | 4.382 | 3.184 | 714 | 2.130 | 120 | 220 |
| **Ourense** | 4.809 | 3.458 | 294 | 130 | 2.403 | 631 |
| **Pontevedra** | 9.386 | 6.936 | 897 | 162 | 315 | 5.562 |

**1993**

| | Total | Lugar de destino | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| **Galicia** | 37.859 | 29.723 | 14.504 | 3.174 | 3.601 | 8.444 |
| **Coruña (A)** | 16.757 | 13.689 | 12.239 | 456 | 207 | 787 |
| **Lugo** | 4.642 | 3.501 | 743 | 2.416 | 151 | 191 |
| **Ourense** | 5.368 | 4.034 | 379 | 118 | 2.905 | 632 |
| **Pontevedra** | 11.092 | 8.499 | 1.143 | 184 | 338 | 6.834 |

**1994**

| | Total | Lugar de destino | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| **Galicia** | 43.084 | 33.812 | 16.247 | 3.805 | 4.986 | 8.774 |
| **Coruña (A)** | 19.534 | 15.721 | 13.801 | 738 | 243 | 939 |
| **Lugo** | 5.345 | 4.019 | 904 | 2.699 | 183 | 233 |
| **Ourense** | 6.503 | 5.185 | 386 | 158 | 4.052 | 589 |
| **Pontevedra** | 11.702 | 8.887 | 1.156 | 210 | 508 | 7.013 |

**1995**

| | Total | Lugar de destino | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| **Galicia** | 46.936 | 36.526 | 17.439 | 3.717 | 5.143 | 10.227 |
| **Coruña (A)** | 20.870 | 16.768 | 14.807 | 627 | 273 | 1.061 |
| **Lugo** | 5.331 | 4.041 | 883 | 2.681 | 231 | 246 |
| **Ourense** | 7.000 | 5.474 | 466 | 189 | 4.051 | 768 |
| **Pontevedra** | 13.735 | 10.243 | 1.283 | 220 | 588 | 8.152 |

**1998**

| | Total | Lugar de destino | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| **Galicia** | 55.283 | 41.114 | 19.447 | 4.218 | 5.974 | 11.475 |
| **Coruña (A)** | 24.971 | 19.158 | 16.830 | 716 | 281 | 1.331 |
| **Lugo** | 5.889 | 4.402 | 811 | 3.036 | 253 | 302 |
| **Ourense** | 8.356 | 6.310 | 494 | 225 | 4.734 | 857 |
| **Pontevedra** | 16.067 | 11.244 | 1.312 | 241 | 706 | 8.985 |

**1999**

| | Total | Lugar de destino | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| **Galicia** | 60.467 | 44.587 | 20.686 | 4.058 | 7.251 | 12.592 |
| **Coruña (A)** | 26.804 | 20.134 | 17.736 | 720 | 340 | 1.338 |
| **Lugo** | 6.060 | 4.406 | 1.010 | 2.858 | 228 | 310 |
| **Ourense** | 9.996 | 7.590 | 499 | 244 | 5.874 | 973 |
| **Pontevedra** | 17.607 | 12.457 | 1.441 | 236 | 809 | 9.971 |

Fonte: INE, *Estadística de Variaciones Residenciales*

CADRO 2.28.

*Migraciones interiores segundo provincia de procedencia 1992-99*

| 1992 | Total | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Lugar de procedencia | | | | |
| Galicia | 33.899 | 25.376 | 11.798 | 3.184 | 3.458 | 6.936 |
| Coruña (A) | 16.053 | 12.396 | 10.491 | 714 | 294 | 897 |
| Lugo | 4.091 | 2.839 | 417 | 2.130 | 130 | 162 |
| Ourense | 4.187 | 2.974 | 136 | 120 | 2.403 | 315 |
| Pontevedra | 9.568 | 7.167 | 754 | 220 | 631 | 5.562 |

| 1993 | Total | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Lugar de procedencia | | | | |
| Galicia | 38.969 | 29.723 | 13.689 | 3.501 | 4.034 | 8.499 |
| Coruña (A) | 18.324 | 14.504 | 12.239 | 743 | 379 | 1.143 |
| Lugo | 4.719 | 3.174 | 456 | 2.416 | 118 | 184 |
| Ourense | 5.043 | 3.601 | 207 | 151 | 2.905 | 338 |
| Pontevedra | 10.883 | 8.444 | 787 | 191 | 632 | 6.834 |

| 1994 | Total | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Lugar de procedencia | | | | |
| Galicia | 43.836 | 33.812 | 15.721 | 4.019 | 5.185 | 8.887 |
| Coruña (A) | 20.179 | 16.247 | 13.801 | 904 | 386 | 1.156 |
| Lugo | 5.408 | 3.805 | 738 | 2.699 | 158 | 210 |
| Ourense | 6.620 | 4.986 | 243 | 183 | 4.052 | 508 |
| Pontevedra | 11.629 | 8.774 | 939 | 233 | 589 | 7.013 |

| 1995 | Total | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Lugar de procedencia | | | | |
| Galicia | 46.537 | 36.526 | 16.768 | 4.041 | 5.474 | 10.243 |
| Coruña (A) | 21.711 | 17.439 | 14.807 | 883 | 466 | 1.283 |
| Lugo | 5.217 | 3.717 | 627 | 2.681 | 189 | 220 |
| Ourense | 6.621 | 5.143 | 273 | 231 | 4.051 | 588 |
| Pontevedra | 12.988 | 10.227 | 1.061 | 246 | 768 | 8.152 |

| 1998 | Total | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Lugar de procedencia | | | | |
| Galicia | 51.709 | 41.114 | 19.158 | 4.402 | 6.310 | 11.244 |
| Coruña (A) | 23.984 | 19.447 | 16.830 | 811 | 494 | 1.312 |
| Lugo | 5.783 | 4.218 | 716 | 3.036 | 225 | 241 |
| Ourense | 7.510 | 5.974 | 281 | 253 | 4.734 | 706 |
| Pontevedra | 14.432 | 11.475 | 1.331 | 302 | 857 | 8.985 |

| 1999 | Total | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Lugar de procedencia | | | | |
| Galicia | 55.329 | 44.587 | 20.134 | 4.406 | 7.590 | 12.457 |
| Coruña (A) | 24.847 | 20.686 | 17.736 | 1.010 | 499 | 1.441 |
| Lugo | 5.704 | 4.058 | 720 | 2.858 | 244 | 236 |
| Ourense | 8.855 | 7.251 | 340 | 228 | 5.874 | 809 |
| Pontevedra | 15.923 | 12.592 | 1.338 | 310 | 973 | 9.971 |

Fonte: INE, *Estadística de Variaciones Residenciales*

Coruña experimenta un descenso continuado ó longo dos anos considerados, en tanto que en Pontevedra e Lugo, a evolución do peso relativo experimenta certos altibaixos.

A taxa de inmigración interior (en tantos por mil) na provincia de A Coruña presenta valores superiores á media galega nos seis anos considerados, sendo a provincia coa maior taxa entre 1992 e 1998. No ano 1999, Ourense, que presenta unha taxa de inmigración interior superior á media galega dende 1994, rexistra unha taxa do 21,00 fronte ós 18,66 da provincia de A Coruña. En tódolos anos da serie, a taxa de inmigración interior máis reducida é a que se rexistra na provincia de Lugo, que acada un valor de 11,10 no ano 1999.

No concernente á desagregación entre inmigracións acontecidas entre municipios dunha mesma provincia e concellos das outras provincias galegas, o **cadro 2.26.** reflicte que as taxas máis altas de inmigración desde concellos fóra da súa provincia rexístranse en Ourense e Lugo. Nos últimos tres anos considerados, a taxa de inmigración interior ourensá é superior á de Lugo, acadando no ano 1999 un valor de 3,99 inmigracións por cada mil habitantes fronte ás 3,28 inmigracións no caso de Lugo. Na provincia de Pontevedra esta taxa acada os 2,87 en 1999 e en A Coruña o 2,66.

Comparando as taxas de inmigración e emigración interiores, **cadro 2.26.,** nas provincias de A Coruña e Pontevedra (agás en 1992 nesta última) as primeiras son sempre superiores ás segundas, a diferencia do acontecido no caso de Lugo e Ourense, polo que se consolida a capacidade emisora e receptora dos concellos destas provincias.

En relación ós movementos acontecidos nas diferentes provincias galegas, o **cadro 2.28.** amosa que en torno ó 85% das inmigracións interiores acontecidas nos municipios da provincia de A Coruña provén de concellos da mesma provincia.

No caso dos concellos da provincia de Lugo hai que salientar que no ano 1999 un 70% das migracións que teñen como destino os concellos da provincia de Lugo provén de concellos da propia provincia, sendo os concellos de A Coruña os segundos en importancia. Comparando os datos cos rexistrados no ano 1999, salienta o descenso da importancia relativa das inmigracións provenientes dos concellos lucenses, que no ano 1992 representaba o 75% do total das inmigracións. Fronte a este descenso, prodúcese un aumento da importancia relativa dos concellos das provincias de A Coruña (tres puntos porcentuais) e Ourense (2,4 puntos), permanecendo constante o peso relativo das inmigracións provenientes dos municipios pontevedreses.

Na provincia de Ourense, o peso relativo das inmigracións procedentes de municipios da propia provincia ascendeu ó 81%, permanecendo practicamente constante en relación ó ano 1992. Séguenlle en importancia as inmigración procedentes dos concellos de Pontevedra , cun 11,2% e de A Coruña, cun 4,7%.

Finalmente, no caso de Pontevedra, a importancia relativa das inmigracións procedentes dos concellos da mesma provincia foi do 79,2% sobre o total de inmigracións interiores na provincia. As inmigracións procedentes de A Coruña acadan un 10,6% e as de Ourense un 7,7%. Comparado cos datos rexistrados no ano 1992, prodúcese un aumento da importancia relativa da inmigración procedente dos concellos da mesma provincia, en tanto que descende a correspondente ós concellos de Lugo e Ourense.

Respecto ás migracións interiores en Galicia e a súa desagregación segundo sexo e idades, o **cadro 2.29.** reflicte que no ano 1999 hai un lixeiro predominio da migración interior feminina, tanto se se realiza entre concellos dunha mesma provincia ou entre concellos do resto das provincias galegas. En ámbolos dous casos, este predominio manifèstase nos grupos de idades comprendidos entre 16 e 24 anos, entre 25 e 34 anos e nas persoas de máis de 65 anos, sendo máis acusado no primeiro e terceiro grupo de idades, con porcentaxes do 56% e 57%, respectivamente.

O maior número de migracións interiores realízase entre as persoas comprendidas entre 25 e 34 anos, e entre as que teñen entre 16 e 24 anos, representando aproximadamente o 30% no primei-

**CADRO 2.29.**

***Movementos migratorios segundo lugar de procedencia e destino 1999: distribución segundo sexo e grupos de idade***

**Lugar de procedencia**

| | Mesma provincia | | | Outra provincia de Galicia | | | Outra CCAA | | | Estranxeiro | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | |
| **Galicia** | 17.960 | 18.479 | 36.439 | 4.020 | 4.128 | 8.148 | 5.423 | 5.319 | 10.742 | 4.215 | 4.291 | 8.506 | 63.835 |
| **<16 anos** | 3.319 | 3.252 | 6.571 | 593 | 547 | 1.140 | 800 | 806 | 1.606 | 737 | 704 | 1.441 | 10.758 |
| **16-24** | 2.777 | 3.542 | 6.319 | 612 | 762 | 1.374 | 818 | 901 | 1.719 | 402 | 519 | 921 | 10.333 |
| **25-34** | 5.082 | 5.132 | 10.214 | 1.220 | 1.251 | 2.471 | 1.570 | 1.520 | 3.090 | 674 | 888 | 1.562 | 17.337 |
| **35-44** | 3.034 | 2.719 | 5.753 | 698 | 579 | 1.277 | 855 | 726 | 1.581 | 687 | 666 | 1.353 | 9.964 |
| **45-54** | 1.554 | 1.426 | 2.980 | 306 | 313 | 619 | 475 | 375 | 850 | 533 | 468 | 1.001 | 5.450 |
| **55-64** | 984 | 829 | 1.813 | 270 | 242 | 512 | 424 | 411 | 835 | 634 | 564 | 1.198 | 4.358 |
| **65 e máis** | 1.210 | 1.579 | 2.789 | 321 | 434 | 755 | 481 | 580 | 1.061 | 548 | 482 | 1.030 | 5.635 |

**Lugar de destino**

| | Mesma provincia | | | Outra provincia de Galicia | | | Outra CCAA | | | Total | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total |
| **Galicia** | 17.960 | 18.479 | 36.439 | 4.020 | 4.128 | 8.148 | 8.523 | 7.357 | 15.880 | 30.503 | 29.964 | 60.467 |
| **<16 anos** | 3.319 | 3.252 | 6.571 | 593 | 547 | 1.140 | 1.100 | 1.130 | 2.230 | 5.012 | 4.929 | 9.941 |
| **16-24** | 2.777 | 3.542 | 6.319 | 612 | 762 | 1.374 | 1.984 | 1.729 | 3.713 | 5.373 | 6.033 | 11.406 |
| **25-34** | 5.082 | 5.132 | 10.214 | 1.220 | 1.251 | 2.471 | 2.851 | 2.306 | 5.157 | 9.153 | 8.689 | 17.842 |
| **35-44** | 3.034 | 2.719 | 5.753 | 698 | 579 | 1.277 | 1.341 | 938 | 2.279 | 5.073 | 4.236 | 9.309 |
| **45-54** | 1.554 | 1.426 | 2.980 | 306 | 313 | 619 | 671 | 457 | 1.128 | 2.531 | 2.196 | 4.727 |
| **55-64** | 984 | 829 | 1.813 | 270 | 242 | 512 | 305 | 257 | 562 | 1.559 | 1.328 | 2.887 |
| **65 e máis** | 1.210 | 1.579 | 2.789 | 321 | 434 | 755 | 271 | 540 | 811 | 1.802 | 2.553 | 4.355 |

Fonte: IGE, *Movementos migratorios 1999*

**CADRO 2.30.**

***Baixas segundo lugar de destino 1999: distribución segundo grupos de idade e sexo***

| | Mesma provincia | | | Outra provincia de Galicia | | | Outra CCAA | | | Total | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total |
| **A Coruña** | 8.799 | 8.937 | 17.736 | 1.179 | 1.219 | 2.398 | 3.655 | 3.015 | 6.670 | 13.633 | 13.171 | 26.804 |
| **<16 anos** | 1.742 | 1.689 | 3.431 | 190 | 175 | 365 | 514 | 493 | 1.007 | 2.446 | 2.357 | 4.803 |
| **16-24** | 1.273 | 1.645 | 2.918 | 187 | 244 | 431 | 829 | 692 | 1.521 | 2.289 | 2.581 | 4.870 |
| **25-34** | 2.602 | 2.564 | 5.166 | 357 | 375 | 732 | 1.201 | 956 | 2.157 | 4.160 | 3.895 | 8.055 |
| **35-44** | 1.521 | 1.368 | 2.889 | 205 | 155 | 360 | 608 | 422 | 1.030 | 2.334 | 1.945 | 4.279 |
| **45-54** | 758 | 660 | 1.418 | 83 | 85 | 168 | 306 | 193 | 499 | 1.147 | 938 | 2.085 |
| **55-64** | 442 | 385 | 827 | 82 | 78 | 160 | 112 | 84 | 196 | 636 | 547 | 1.183 |
| **65 e máis** | 461 | 626 | 1.087 | 75 | 107 | 182 | 85 | 175 | 260 | 621 | 908 | 1.529 |
| **Lugo** | 1.376 | 1.482 | 2.858 | 789 | 759 | 1.548 | 852 | 802 | 1.654 | 3.017 | 3.043 | 6.060 |
| **<16 anos** | 225 | 219 | 444 | 118 | 96 | 214 | 108 | 115 | 223 | 451 | 430 | 881 |
| **16-24** | 211 | 294 | 505 | 101 | 130 | 231 | 187 | 158 | 345 | 499 | 582 | 1.081 |
| **25-34** | 363 | 397 | 760 | 239 | 234 | 473 | 254 | 237 | 491 | 856 | 868 | 1.724 |
| **35-44** | 232 | 226 | 458 | 161 | 110 | 271 | 136 | 95 | 231 | 529 | 431 | 960 |
| **45-54** | 116 | 106 | 222 | 54 | 57 | 111 | 68 | 49 | 117 | 238 | 212 | 450 |
| **55-64** | 88 | 66 | 154 | 46 | 35 | 81 | 44 | 38 | 82 | 178 | 139 | 317 |
| **65 e máis** | 141 | 174 | 315 | 70 | 97 | 167 | 55 | 110 | 165 | 266 | 381 | 647 |
| **Ourense** | 2.853 | 3.021 | 5.874 | 849 | 867 | 1.716 | 1.272 | 1.134 | 2.406 | 4.974 | 5.022 | 9.996 |
| **<16 anos** | 430 | 396 | 826 | 133 | 115 | 248 | 132 | 159 | 291 | 695 | 670 | 1.365 |
| **16-24** | 524 | 613 | 1.137 | 127 | 150 | 277 | 286 | 208 | 494 | 937 | 971 | 1.908 |
| **25-34** | 651 | 724 | 1.375 | 280 | 267 | 547 | 453 | 389 | 842 | 1.384 | 1.380 | 2.764 |
| **35-44** | 467 | 466 | 933 | 124 | 134 | 258 | 189 | 134 | 323 | 780 | 734 | 1.514 |
| **45-54** | 271 | 275 | 546 | 66 | 51 | 117 | 87 | 61 | 148 | 424 | 387 | 811 |
| **55-64** | 202 | 180 | 382 | 47 | 43 | 90 | 52 | 53 | 105 | 301 | 276 | 577 |
| **65 e máis** | 308 | 367 | 675 | 72 | 107 | 179 | 73 | 130 | 203 | 453 | 604 | 1.057 |
| **Pontevedra** | 4.932 | 5.039 | 9.971 | 1.203 | 1.283 | 2.486 | 2.744 | 2.406 | 5.150 | 8.879 | 8.728 | 17.607 |
| **<16 anos** | 922 | 948 | 1.870 | 152 | 161 | 313 | 346 | 363 | 709 | 1.420 | 1.472 | 2.892 |
| **16-24** | 769 | 990 | 1.759 | 197 | 238 | 435 | 682 | 671 | 1.353 | 1.648 | 1.899 | 3.547 |
| **25-34** | 1.466 | 1.447 | 2.913 | 344 | 375 | 719 | 943 | 724 | 1.667 | 2.753 | 2.546 | 5.299 |
| **35-44** | 814 | 659 | 1.473 | 208 | 180 | 388 | 408 | 287 | 695 | 1.430 | 1.126 | 2.556 |
| **45-54** | 409 | 385 | 794 | 103 | 120 | 223 | 210 | 154 | 364 | 722 | 659 | 1.381 |
| **55-64** | 252 | 198 | 450 | 95 | 86 | 181 | 97 | 82 | 179 | 444 | 366 | 810 |
| **65 e máis** | 300 | 412 | 712 | 104 | 123 | 227 | 58 | 125 | 183 | 462 | 660 | 1.122 |
| **Galicia** | 17.960 | 18.479 | 36.439 | 4.020 | 4.128 | 8.148 | 8.523 | 7.357 | 15.880 | 30.503 | 29.964 | 60.467 |
| **<16 anos** | 3.319 | 3.252 | 6.571 | 593 | 547 | 1.140 | 1.100 | 1.130 | 2.230 | 5.012 | 4.929 | 9.941 |
| **16-24** | 2.777 | 3.542 | 6.319 | 612 | 762 | 1.374 | 1.984 | 1.729 | 3.713 | 5.373 | 6.033 | 11.406 |
| **25-34** | 5.082 | 5.132 | 10.214 | 1.220 | 1.251 | 2.471 | 2.851 | 2.306 | 5.157 | 9.153 | 8.689 | 17.842 |
| **35-44** | 3.034 | 2.719 | 5.753 | 698 | 579 | 1.277 | 1.341 | 938 | 2.279 | 5.073 | 4.236 | 9.309 |
| **45-54** | 1.554 | 1.426 | 2.980 | 306 | 313 | 619 | 671 | 457 | 1.128 | 2.531 | 2.196 | 4.727 |
| **55-64** | 984 | 829 | 1.813 | 270 | 242 | 512 | 305 | 257 | 562 | 1.559 | 1.328 | 2.887 |
| **65 e máis** | 1.210 | 1.579 | 2.789 | 321 | 434 | 755 | 271 | 540 | 811 | 1.802 | 2.553 | 4.355 |

Fonte: IGE, *Movementos migratorios 1999*

ro caso e o 17% no segundo. Se se diferencia entre os movementos migratorios dentro dunha mesma provincia ou entre concellos de distintas provincias, os resultados son algo diferentes.

No caso das migracións dentro dunha mesma provincia, o grupo de idades comprendido entre 25 e 34 anos acolle o 28% das migración realizadas na mesma provincia, presentando os homes unha maior porcentaxe en relación as mulleres (28,3% e 27,8%, respectivamente). O segundo grupo en importancia é neste caso o formado polas persoas con menos de 16 anos, que representan o 18% do total destas migracións, aínda que o número de migracións de mulleres con menos de 16 anos é superado polas mulleres con idades entre 16 e 24 anos (17,6% e 19,2%, respectivamente).

No concernente ás migracións entre concellos pertencentes a distintas provincias, o grupo de idades predominante son os de 25-34 anos, co 30,3%, seguido do grupo 16-24 anos, co 16,9%. No caso dos homes, o segundo grupo máis importante é o que corresponde ó comprendido entre 16 e 24 anos, aínda que no caso das mulleres o segundo grupo en importancia sería o de 35-44 anos, co 17,4%.

Tendo en conta a situación nas diferentes provincias galegas, os **cadros 2.30.** e **2.31.** amosan que no concernente ós movementos entre concellos dunha mesma provincia, as catro provincias galegas presentan resultados diferentes. En A Coruña, os grupos de idades predominantes, tanto en homes como mulleres, son os de 25 a 34 anos e

**CADRO 2.31.**

***Altas segundo lugar de procedencia 1999: distribución segundo grupos de idade e sexo***

| | Mesma provincia | | | Outra provincia de Galicia | | | Outra CCAA | | | Estranxeiro | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | |
| **A Coruña** | 8.799 | 8.937 | 17.736 | 1.463 | 1.487 | 2.950 | 2.114 | 2.047 | 4.161 | 1.665 | 1.675 | 3.340 | 28.187 |
| **<16 anos** | 1.742 | 1.689 | 3.431 | 224 | 222 | 446 | 331 | 309 | 640 | 284 | 282 | 566 | 5.083 |
| **16-24** | 1.273 | 1.645 | 2.918 | 223 | 265 | 488 | 344 | 367 | 711 | 152 | 198 | 350 | 4.467 |
| **25-34** | 2.602 | 2.564 | 5.166 | 480 | 488 | 968 | 643 | 610 | 1.253 | 259 | 374 | 633 | 8.020 |
| **35-44** | 1.521 | 1.368 | 2.889 | 282 | 236 | 518 | 348 | 306 | 654 | 284 | 260 | 544 | 4.605 |
| **45-54** | 758 | 660 | 1.418 | 94 | 98 | 192 | 199 | 141 | 340 | 233 | 161 | 394 | 2.344 |
| **55-64** | 442 | 385 | 827 | 73 | 71 | 144 | 110 | 127 | 237 | 240 | 227 | 467 | 1.675 |
| **65 e máis** | 461 | 626 | 1.087 | 87 | 107 | 194 | 139 | 187 | 326 | 213 | 173 | 386 | 1.993 |
| **Lugo** | 1.376 | 1.482 | 2.858 | 600 | 600 | 1.200 | 819 | 827 | 1.646 | 269 | 289 | 558 | 6.262 |
| **<16 anos** | 225 | 219 | 444 | 79 | 75 | 154 | 99 | 98 | 197 | 55 | 43 | 98 | 893 |
| **16-24** | 211 | 294 | 505 | 83 | 131 | 214 | 91 | 126 | 217 | 25 | 40 | 65 | 1.001 |
| **25-34** | 363 | 397 | 760 | 163 | 168 | 331 | 197 | 205 | 402 | 24 | 50 | 74 | 1.567 |
| **35-44** | 232 | 226 | 458 | 109 | 82 | 191 | 119 | 100 | 219 | 35 | 42 | 77 | 945 |
| **45-54** | 116 | 106 | 222 | 50 | 47 | 97 | 57 | 50 | 107 | 27 | 26 | 53 | 479 |
| **55-64** | 88 | 66 | 154 | 69 | 36 | 105 | 106 | 103 | 209 | 49 | 42 | 91 | 559 |
| **65 e máis** | 141 | 174 | 315 | 47 | 61 | 108 | 150 | 145 | 295 | 54 | 46 | 100 | 818 |
| **Ourense** | 2.853 | 3.021 | 5.874 | 673 | 704 | 1.377 | 814 | 790 | 1.604 | 788 | 808 | 1.596 | 10.451 |
| **<16 anos** | 430 | 396 | 826 | 68 | 59 | 127 | 93 | 111 | 204 | 108 | 125 | 233 | 1.390 |
| **16-24** | 524 | 613 | 1.137 | 109 | 130 | 239 | 115 | 127 | 242 | 60 | 82 | 142 | 1.760 |
| **25-34** | 651 | 724 | 1.375 | 172 | 175 | 347 | 210 | 198 | 408 | 115 | 138 | 253 | 2.383 |
| **35-44** | 467 | 466 | 933 | 104 | 86 | 190 | 118 | 79 | 197 | 139 | 126 | 265 | 1.585 |
| **45-54** | 271 | 275 | 546 | 69 | 82 | 151 | 77 | 72 | 149 | 107 | 115 | 222 | 1.068 |
| **55-64** | 202 | 180 | 382 | 68 | 69 | 137 | 104 | 88 | 192 | 161 | 126 | 287 | 998 |
| **65 e máis** | 308 | 367 | 675 | 83 | 103 | 186 | 97 | 115 | 212 | 98 | 96 | 194 | 1.267 |
| **Pontevedra** | 4.932 | 5.039 | 9.971 | 1.284 | 1.337 | 2.621 | 1.676 | 1.655 | 3.331 | 1.493 | 1.519 | 3.012 | 18.935 |
| **<16 anos** | 922 | 948 | 1.870 | 222 | 191 | 413 | 277 | 288 | 565 | 290 | 254 | 544 | 3.392 |
| **16-24** | 769 | 990 | 1.759 | 197 | 236 | 433 | 268 | 281 | 549 | 165 | 199 | 364 | 3.105 |
| **25-34** | 1.466 | 1.447 | 2.913 | 405 | 420 | 825 | 520 | 507 | 1.027 | 276 | 326 | 602 | 5.367 |
| **35-44** | 814 | 659 | 1.473 | 203 | 175 | 378 | 270 | 241 | 511 | 229 | 238 | 467 | 2.829 |
| **45-54** | 409 | 385 | 794 | 93 | 86 | 179 | 142 | 112 | 254 | 166 | 166 | 332 | 1.559 |
| **55-64** | 252 | 198 | 450 | 60 | 66 | 126 | 104 | 93 | 197 | 184 | 169 | 353 | 1.126 |
| **65 e máis** | 300 | 412 | 712 | 104 | 163 | 267 | 95 | 133 | 228 | 183 | 167 | 350 | 1.557 |
| **Galicia** | 17.960 | 18.479 | 36.439 | 4.020 | 4.128 | 8.148 | 5.423 | 5.319 | 10.742 | 4.215 | 4.291 | 8.506 | 63.835 |
| **<16 anos** | 3.319 | 3.252 | 6.571 | 593 | 547 | 1.140 | 800 | 806 | 1.606 | 737 | 704 | 1.441 | 10.758 |
| **16-24** | 2.777 | 3.542 | 6.319 | 612 | 762 | 1.374 | 818 | 901 | 1.719 | 402 | 519 | 921 | 10.333 |
| **25-34** | 5.082 | 5.132 | 10.214 | 1.220 | 1.251 | 2.471 | 1.570 | 1.520 | 3.090 | 674 | 888 | 1.562 | 17.337 |
| **35-44** | 3.034 | 2.719 | 5.753 | 698 | 579 | 1.277 | 855 | 726 | 1.581 | 687 | 666 | 1.353 | 9.964 |
| **45-54** | 1.554 | 1.426 | 2.980 | 306 | 313 | 619 | 475 | 375 | 850 | 533 | 468 | 1.001 | 5.450 |
| **55-64** | 984 | 829 | 1.813 | 270 | 242 | 512 | 424 | 411 | 835 | 634 | 564 | 1.198 | 4.358 |
| **65 e máis** | 1.210 | 1.579 | 2.789 | 321 | 434 | 755 | 481 | 580 | 1.061 | 548 | 482 | 1.030 | 5.635 |

Fonte: IGE, *Movementos migratorios 1999*

os de persoas menores de 16 anos, sendo o seu peso relativo do 29% e do 19%, respectivamente. Na provincia de Ourense os grupos de idades predominantes son os de 25 a 34 anos e os de 16 a 24 anos, sendo neste caso a súa importancia relativa do 23% e do 19%, respectivamente.

Nas provincias de Lugo e Pontevedra xa non se dá esta igualdade. En Pontevedra, o grupo predominante, cun 29%, é o de persoas entre 25 a 34 anos, seguido do das persoas menores de 16 anos. Sen embargo, tendo en conta a desagregación por sexos, o segundo grupo en importancia no caso dos homes é o de menores de 16 anos (18,7%) e no caso das mulleres, cun 19,6%, o grupo comprendido entre 16 e 24 anos. Na provincia de Lugo, despois do peso relativo das persoas entre 25 e 34 anos (un 23%) atópase o das persoas entre 16 e 24 anos. No caso dos homes, o segundo grupo é o formado por persoas entre 35 e 44 anos, co 16,9%, e no caso das mulleres, as de 16-24 anos, co 19,8%.

No caso das baixas con destino a outras provincias galegas, nas catro provincias galegas o maior peso relativo, tanto en homes como en mulleres, corresponde ó grupo de idade de 25 e 34 anos. Séguelle en importancia o de 16 a 24 anos nas provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra, en tanto que en Lugo, o segundo grupo con maior importancia relativa é o de persoas con idades comprendidas entre 35 e 44 anos. No caso dos homes, o segundo grupo en importancia é o correspondente ó de 35 a 44 anos nas provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra, sendo na pro-

vincia de Ourense, o correspondente ós menores de 16 anos. No caso das mulleres, o segundo grupo segundo o seu peso relativo corresponde sempre ás mulleres con idades entre 16 e 24 anos.

No concernente ás altas con procedencia nos concellos de provincias distintas á de residencia, a diferencia das baixas con destino a outras provincias, o segundo peso relativo en importancia é o de 16 a 24 anos nas provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra, sendo en Lugo o de 35 a 44 anos. En canto á diferenciación por sexos, os maiores pesos relativos corresponden a mulleres con idades comprendidas entre 25 e 34 anos e 16 a 24 anos, mentres que no caso dos homes, o segundo maior peso relativo corresponde ós homes con idades entre 35 e 44 anos nas provincias de A Coruña e Lugo, entre 16 e 24 anos na provincia de Ourense, e a menores de 16 anos na provincia de Pontevedra. ■